

Informe de Revisión do Sistema pola Dirección 2017-2018

Informe de resultados anuais das titulacións do centro



Informe de revisión do sistema pola dirección

Informe de resultados anuais das titulacións do centro

Data da reunión: 08/03/2019

Data de aprobación na Comisión Permanente (por delegación da Xunta de Centro): 08/03/2019

NOTA:

DATOS CONSULTADOS entre o 08/11/2018 e o 07/03/2019

Fontes:

- [Portal de transparencia](#)
- [Xescampus](#)

Índice de contidos

1 ASPECTOS INTRODUTORIOS	3
1.1 Presentación/Obxecto da reunión.....	3
1.2 Informe inicial.....	3
1.2.1 Descripción de cambios organizativos que poden afectar ó funcionamento do centro/titulacións/servizos no que atinxe á calidade	3
1.2.2 Descripción de cambios na oferta formativa/ou de servizos.....	4
1.2.3 Descripción de modificacións ou cambios na documentación do sistema de calidade.....	5
1.2.4 Descripción doutros aspectos de interese	7
2 DATOS E INDICADORES	9
2.1 Resultados acadados	9
2.1.1 Rexistro de resultados do panel de Indicadores do SGIC (*Intégranse os coincidentes cos programas de acreditación e seguimento):	9
2.1.2 Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento establecido pola ACSUG:	13
2.1.3 Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais.....	15
2.1.4 Indicadores por materia	18
2.1.5 Datos relativos a QSP recibidas.....	19
2.1.6 Estado da situación dos rexistros de calidade do sistema	19
2.1.7 Outros datos	19
A. Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade.....	19
B. Actuacións de promoción do centro	21
B.1. Actuacións desenvolvidas durante o curso 2017-18 para a promoción do centro e das súas titulacións:.....	22
B.2. Revisión e actualización da sección alumnado da web da Facultade, coa finalidade de incluír información para captar alumnado de novo ingreso.	22
3 ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNNS DO CENTRO – SEGUIMENTO DAS TITULACIÓNNS	23
4 MODIFICACIÓNNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNNS	71
5 ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORAS PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES).....	72
6 LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓNNS DE MELLORA PROPOSTAS	72
7 CONCLUSIÓNNS E ACORDOS.....	73
7.1 Listaxe de asistentes á reunión de aprobación do informe final:.....	73
7.2 Conclusións relevantes.....	73
7.3 Acordos.....	73
8 ANEXOS.....	74

1 ASPECTOS INTRODUTORIOS

1.1 Presentación/Obxecto da reunión

O presente Informe de Revisión pola Dirección foi elaborado polo equipo de goberno da Facultade de Dereito e sometido á súa revisión e validación pola Comisión de calidade e á súa posterior aprobación pola Comisión Permanente, por delegación da Xunta de Facultade, en cumprimento do procedemento DE-03 P1. O seu obxecto é garantir, no marco da súa mellora continua, a conveniencia, adecuación e eficacia do sistema de garantía de calidade dos centros e titulacións. Este proceso permite, ademais, a análise, a revisión e, se procede, a posta ao día da política e os obxectivos de calidade.

1.2 Informe inicial

1.2.1 Descripción de cambios organizativos que poden afectar ó funcionamento do centro/titulacións/servizos no que atinxe á calidade

Durante o curso 2017-18, do mesmo xeito que en cursos anteriores, foron varios os cambios organizativos que repercutiron en maior ou menor medida na xestión da calidade no centro. Ata o pasado curso, a inexistencia de persoal de administración e servizos (PAS) estable e con formación específica e competencias en materia de calidade, unida ao feito de que nos sete últimos anos -correspondentes ós tres últimos mandatos dos equipos dos decanos/as- un total de sete profesores sucesivamente teñan asumido as responsabilidades propias do vicedecanato de calidade (D.^a Mónica Siota Álvarez, D.^a Francisca Fernández Prol, D. Virxilio Rodríguez Vázquez, D. Roberto O. Bustillo Bolado, D.^a Marta Fernández Prieto, D. Miguel Ángel Michinel Álvarez e, actualmente, D.^a M. Lourdes Borrajo Diz) dificultaba enormemente a xestión deste ámbito. Os profesores mencionados foron asistidos nas súas tarefas por persoas bolseiras de calidade (áinda que temporais e renovadas en cada convocatoria, limitándose tamén o período máximo durante o cal un/unha estudiante pode gozar dunha bolsa de calidade). Certamente, durante unha pequena parte dos procesos de certificación, acreditación ou verificación - uns dous meses-, viña asignado ao centro persoal de administración e servizos -contratado ou en comisión temporal- usualmente compartido, para asumir competencias en materia de calidade, pero sen formación específica previa.

A situación descrita cambiou parcialmente en relación co curso 2016/2017, xa que a finais do mesmo púxose en marcha a denominada nova RPT (relación de postos de traballo), co fin de distribuír ao PAS da universidade na busca dunha maior eficiencia. Polo que incumbe á calidade, a facultade conta agora con dúas persoas de apoio (compartidas con outro centro), o que implica unha axuda importante de cara a xestión da calidade do centro, respecto aos cursos anteriores. Con todo, debe destacarse o elevado número de tarefas que deben levar a cabo ditas PAS, relacionadas co apoio a dous centros (Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo) e a varios departamentos, que fai que non poidan centrarse únicamente en tarefas relativas a calidade.

Por outra banda, foron varios os cambios producidos na composición da Comisión de Calidade, órgano colexiado encargado de dinamizar a política e obxectivos de calidade do centro, as accións de mellora e a adecuada implantación e seguimento do SGIC. As persoas que integran a Comisión de Calidade son elementos claves no desenvolvemento dos programas de calidade do centro. Ademais da súa participación activa nas funcións específicas da comisión, deben ser axentes dinamizadores da xestión de calidade no centro.

Sen dúbida, a modificación de máis relevo foi a iniciada durante o curso 2014/2015, coa aprobación do novo

manual de calidade e a modificación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito, para adaptar a composición da Comisión de Calidade á establecida como composición mínima no manual, que supuxo un procedemento complexo de revisión, finalizado coa aprobación da modificación polos órganos de goberno da Universidade de Vigo -aprobado polo Consello de Goberno do 29 de outubro de 2015, data no que entrou en vigor-. A modificación da Comisión de Calidade prevista polo regulamento, que amplía a composición mínima prevista no manual, pretende conseguir unha representación adecuada dos distintos grupos de interese e das persoas implicadas na coordinación e na actividade docente das titulacións do centro.

En xuño de 2018, con motivo da toma de posesión como Secretario Xeral da Universidade de Vigo do Prof. Dr. Miguel Ángel Michinel Álvarez, que ata ese momento ocupaba o cargo de Vicedecano de Calidade, pasa a ocupar o Vicedecanato de Calidade a Prof.^a Dra. María Lourdes Borrajo Diz. Actualmente, ao momento de aprobar o presente informe, a Comisión de Calidade da Facultade de Dereito está constituída polas seguintes persoas:

Presidente: M. Lourdes Borrajo Diz (vicedecana de planificación e calidade da Facultade).

Secretaria: Concepción Martínez Martínez (secretaria da Facultade).

Membros do equipo da decana: Marta Fernández Prieto (decana da Facultade).

Coordinadores de titulación: Lourdes Borrajo Diz (Grao en Dereito) | M^a Dolores Fernández Fustes (Mestrado en avogacía).

Persoal docente e investigador: Mónica Siota Álvarez | Virxilio Rodríguez Vázquez

Alumnado: José Luis Sousa Méndez (Mestrado en avogacía) | Diego Casas Rodríguez (Doble Grao ADE-Dereito).

Delegación de alumnado: presidente da delegación de alumnado: Iván Fariñas Álvarez

Concepción Martínez Martínez (por delegación de María del Pilar Joga Lasala).

Ana María Martín Romeu (egresada do Grao en Dereito e do Mestrado en avogacía).

José Luís Castro Fírvida (avogado, representante da sociedade).

1.2.2 Descripción de cambios na oferta formativa/ou de servizos

Os estudos de Grao en Dereito, adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), impártense na Facultade de Dereito da Universidade de Vigo desde o curso académico 2009/2010 (G080 –plan 2010), aínda que o seu plan de estudos modificouse no curso 2013/2014 (G081 – plan 2014), co obxecto de corrixir certas disfuncións que incidían no rendemento académico do alumnado, conseguir unha mellor repartición da carga lectiva, equilibrar o esforzo académico entre os distintos cursos e incluír a mención en Unión Europea e desenvolvemento sostible. O plan modificado comezou a súa implantación progresiva no curso académico 2014/2015, segundo o calendario de traballo pre establecido. O alumnado de novo ingreso, que accedeu ao Grao en Dereito no curso académico 2014/2015, incorporouse directamente ao plan de estudos modificado (G081 – plan 2014). O alumnado de continuación, que comezou os estudos de Grao en Dereito no plan de estudos (G080 – plan 2010), tivo a opción de elixir entre continuar os seus estudos de Grao no plan G080 (hai que considerar que o primeiro curso extinguiuse xa no curso 2014/2015 -sen docencia e con dereito a exame-) ou cambiarse ao novo plan de estudos (tendo en conta que, durante o curso 2014/2015, soamente se implantaron os dous primeiros cursos). O plan G080 extinguiuse definitivamente no curso 2017/2018.

Doutra banda, dende o curso 2014/2015 comezou a impartirse o Programa Conxunto de Estudos (PCEO) ADE-Dereito, en colaboración coa Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo. A configuración dos novos graos universitarios -de más curta duración e estrutura académica más flexible que as antigas licenciaturas- facilitan o que hai non moi tempo era praticamente imposible: que o estudantado poida simultaneamente cursar estudos de dúas carreiras e conseguir ambos títulos en apenas cinco ou seis anos. Precisamente un dos sectores académicos e profesionais onde máis conexións existen e onde máis frutífera pode ser esa simultaneidade de estudos é o triángulo delimitado polos ámbitos xurídico, empresarial e económico. De feito, repasando a oferta

académica da educación superior en España, apréciase con claridade que é ese precisamente o campo onde máis demanda existe de programacións convexas (simultaneidade de estudos) por parte do novo estudantado en busca da súa primeira oportunidade no mundo universitario. O PCEO chegou ata cuarto curso durante 2017/2018 e estará completamente implantado a partir do curso 2018/2019.

A continuidade en toda esta pluralidade formativa durante o período obxecto deste informe (2017/2018) obedece ao obxectivo específico incluído no plan estratéxico da Facultade de Dereito 2015/2018 (pendente de nova redacción ó longo do curso 2018/2019) de adecuar a oferta académica da facultade á demanda social real, tendo en conta especialmente a contorna, o que permite tamén avanzar cara á especialización por campus e aproveitar o impulso do Campus da Auga.

Neste marco cabe especialmente lembrar que, tras elaborarse as memorias xustificativa, económica e de verificación, o denominado Programa de doutoramento "Auga, sustentabilidade e desenvolvemento", foi adscrito á Facultade de Dereito polo acordo da Xunta do 6 de maio de 2016 e que obtivo o certificado do Consello de Goberno o 22 de xullo de 2016, o do Consello Social o 27 de xullo de 2016. Pois ben, o 19 de setembro de 2016 foi autorizado o seu envío pola Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia ao proceso de verificación, obtendo a resolución favorable do Consello de Universidades o 8 de maio de 2017 e do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes o 11 de maio dese mesmo ano.

Finalmente, en relación coa oferta de servizos que ofrece a facultade, esta non variou con respecto ó curso anterior.

1.2.3 Descripción de modificacións ou cambios na documentación do sistema de calidade

Desde que en 2005 se aprobaron os Criterios e Directrices Europeos para a Calidade na Educación Superior, realizouse un progreso considerable na garantía da calidade. O grupo E4 (ENQA, ESU, EUA e EURASHE) en cooperación con Education International (EI), BUSINESSEUROPE e EQAR elaborou unha proposta de revisión dos criterios, aprobada pola conferencia de Ministros de Educación en maio de 2015, "co obxectivo de mellorar a súa claridade, aplicabilidade e utilidade, incluíndo o seu alcance". Tanto na versión actualizada como na anterior, estableceuse que a xestión da calidade das titulacións e das institucións de educación superior realizaríase en dúas etapas: deseño e implantación do sistema de garantía interno da calidade en todos os ensinos oficiais adscritos ao centro (1) e avaliación do sistema para a certificación da súa implantación no centro e en todas as súas titulacións oficiais (2).

A primeira fase, interna, baséase no deseño e implantación dun sistema de garantía de calidade no centro e nas súas titulacións. No marco do Programa FIDES-AUDIT, promovido pola ANECA, AQU-Catalunya e ACSUG (e que, desde o ano 2007, guiaba aos centros no seu labor de integración de todas as actividades relacionadas coa garantía de calidade dos ensinos) a Facultade de Dereito, en colaboración coa Área de Apoio á Docencia e Calidade da Universidade de Vigo, deseñou e aprobou o seu SGIC. A Facultade de Dereito obtivo a certificación do deseño do seu Sistema de Garantía Interno de Calidade aplicable a todos os ensinos oficiais impartidos no centro conforme ás directrices do programa FIDES-AUDIT por parte da ACSUG, tras a valoración positiva emitida no Informe final de avaliación do deseño do sistema de garantía interna de calidade do 26 de abril de 2010.

A segunda etapa, externa, consiste na avaliación do sistema que realizan as axencias de calidade universitaria. Como continuación ao proceso iniciado no ano 2007 de deseño dos SGIC, no marco dos programas FIDES-AUDIT, a ACSUG, ANECA e UNIBASQ consideraron abrir no ano 2013 un proceso de avaliación do deseño dos SGC e de certificación da súa implantación nos centros que se acollerón a aquel programa. O sometemento a este proceso de certificación tiña un carácter voluntario para os centros. A Facultade de Dereito cursou, con data do 15 de decembro de 2013, a solicitude para someterse á anteriormente citada avaliación e ao proceso de certificación de implantación do seu SGC. Nun primeiro informe de auditoría externa inicial para a certificación da implantación do SGIC do 7 de outubro de 2014, tras examinar minuciosamente as alegacións presentadas polo centro ao informe provisional, o equipo auditor concedeu un prazo de seis meses para avaliar a forma coa que se iniciou o tratamento das non conformidades detectadas, tal e como este se describiu no plan de accións de

melloras proposto polo centro. Rematado o prazo, procedeu a unha nova revisión documental para emitir o informe definitivo de auditoría da implantación do SGIC do centro. Coa realización desta segunda revisión documental, que se completou cunha visita ao centro de medio día o 2 de xuño de 2015, a facultade obtivo o distintivo de calidade por parte da ACSUG o 23 de xullo de 2015; isto é, a certificación da implantación do seu SGIC.

No Informe final da Auditoría externa inicial para a certificación da implantación do SGIC, de forma pouco usual e reiterando o informe oral do equipo auditor, destacáronse dez fortalezas, vinte e oito conformidades e só catro non conformidades menores e catro oportunidades para a mellora –tres delas substancialmente reiterativas das non conformidades-. A certificación e o informe converten á Facultade de Dereito nestes momentos nun dos centros más destacados na xestión da calidade no Sistema Universitario de Galicia.

Con estos precedentes, e tal e como se establece na guía publicada pola ACSUG, foi pertinente a realización do seguimento da certificación ao transcorrer tres anos desde a súa obtención. Polo tanto, a certificación da axeitada implantación do SGIC, válida ata o 23 de xullo de 2021, someteuse á revisión en xullo de 2018. Para levar a cabo este seguimento, ó longo do curso 2017/2018 elaborouse o Informe de seguimento da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Dereito que comprende os seguintes apartados:

- Informe de seguimento das accións de mellora comprometidas no proceso de certificación do SGIC e recollidas no informe final de certificación
- Informe de cambios no SGIC desde a súa certificación
- Anexo - Evidencias documentais.

Dito informe foi validado pola Comisión de calidade na súa reunión do 6 de xullo de 2018, foi aprobado na Xunta de Facultade de 9 de xullo de 2018 e enviado á ACSUG o 11 de xullo do 2018.

En seguimento do Plan de Propostas de Mellora presentado no proceso de certificación do sistema de calidade e recollidas no informe final de certificación, a ACSUG emitiu o 20 de novembro de 2018 un informe no que se indica que as accións de mellora “están a desenvolverse correctamente”. A única non conformidade menor que depende do centro e está só parcialmente pechada é a que se refire á actualización e modificación das metas asociadas aos obxectivos de calidade, ao seguir parte delas por baixo dos cocientes previamente alcanzados. As outras dependen da área de calidade e refírense aos procedementos de persoal e de xestión de recursos materiais. En ambos os casos, indícase que si existen evidencias de que a Comisión de Calidade e a Facultade de Dereito abordan as cuestións tal e como se precisa pero non están ben definidas nos procedementos de calidade. Dentro deste informe de revisión pola dirección analizaranse as non conformidades menores non completamente realizadas para formular as accións de mellora mais oportunas.

Tras a renovación da acreditación dos títulos de Mestrado universitario en avogacía e Graduado/a en Dereito, e á vista dos resultados obtidos, dende a Facultade de Dereito de Ourense, a través da Universidade de Vigo, solicitouse a acreditación do centro, que foi estimada pola “Resolución de 28 de enero de 2019, del Consejo de Universidades, en relación con la acreditación institucional del/la Facultad de Derecho (32016479) de la Universidad de Vigo”, que declara a acreditación institucional da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo. A acreditación institucional terá, para o centro acreditado, os efectos previstos no artigo 27 ter, do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais. A acreditación que se declara deberá renovarse antes do transcurso de cinco anos contados a partir da data da presente resolución. Polo tanto, a acreditación institucional da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo, mentres manteña os seus efectos, permitirá renovar a acreditación das titulacións oficiais que imparta o centro sen necesidade de someterse ao procedemento xeral. As titulacións oficiais incorporarán como data de renovación da acreditación no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos o 28 de xaneiro de 2019.

Por outra banda, durante o curso 2017/2018, procedeuse a aprobación e implantación dos procedementos de

calidade modificados ó longo do curso 2016/2017. En concreto, na Xunta de Facultade do 22 de setembro de 2017 aprobáronse os procedementos:

- Proceso de xestión de persoal (PE)
 - PE-01 P1 Xestión do PAS (índice 04): Describe as competencias dos centros relacionadas con a administración do persoal de administración e servizos, segundo as directrices de FIDES-AUDIT.
 - PE-02 P1 Xestión do persoal docente e investigador (índice 04): Describe as competencias dos centros relacionadas con a administración do persoal docente e investigador, segundo as directrices de FIDES-AUDIT. Incorpora un anexo (ficha de formación).
- Estes dous procedementos anularon aos seguintes:
 - PA-05 «Captación e selección do PDI e PAS»
 - PA-06 «Avaliación, promoción, recoñecemento e incentivos de PDI e PAS»
 - PE-02 «Política de PDI e PAS»
- Proceso docencia (DO):
 - DO-0201 P1 Planificación e desenvolvemento do ensino (índice 05): Este procedemento evoluciona ao índice 05, e anula a versión anterior (04) e incorpora as actividades ligadas á detección de necesidades de PDI e segue mantendo un documento anexo (informe de coordinación).

Os rexistros/evidencias asociados aos mesmos arquiváronse na aplicación para a xestión documental do SGIC.

1.2.4 Descripción doutros aspectos de interese

Durante o curso 2017/2018 cabe destacar que se levaron a cabo múltiples actuacións de coordinación por parte da Comisión de Calidade do centro, tanto en relación co Grao en Dereito como no Mestrado universitario en avogacía. Detállanse, sen ánimo exhaustivo e en orde cronolóxica, as seguintes:

- 2/10/2017
 - a) Valídanse os informes de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía.
 - b) Aprobación da axenda básica para o desenvolvemento de programas de calidade do centro para o primeiro cuadrimestre do curso 2017/2018.
 - c) Aprobación da realización do Curso de Actualización Xurídica.
 - d) Acórdase incluír na web da facultade ao PDI vencellado a grupos de investigación do centro.
- 24-1-18
 - a) Aprobación da axenda básica para o desenvolvemento de programas de calidade do centro para o segundo cuadrimestre do curso 2017-2018.
 - b) Aprobación dos resultados das enquisas de avaliação docente correspondentes ao curso 2016-17 e do informe de resultados de PDI.
 - c) Aprobación dos resultados das enquisas de satisfacción de alumnado e profesorado correspondentes ao curso 2016/2017 e do informe de resultados de avaliação.
 - d) Aprobación dos resultados de taxas académicas correspondentes ao curso 2016/2017 e do informe de resultados do alumnado que pasará a denominarse informe de resultados académicos.
 - e) Aprobación do informe sobre QSP do curso 2016/2017.
 - f) Análise das incidencias detectadas no seguimento e control da docencia ou da avaliação e adopción de medidas para garantir o axeitado cumprimento das obrigas docentes.
 - g) Validación das modificacións no regulamento de prácticas externas do Mestrado universitario en avogacía.
 - h) Validación da proposta de modificación das instrucións e procedemento para racionalizar os horarios dos estudos do Grao en Dereito.
- 27-2-18
 - a) Validación das propostas de modificación na memoria de graduado/a en Dereito que poden acometerse a través do seguimento do título do curso 2016/2017.
 - b) Validación do informe de revisión do sistema pola dirección, que inclúe as propostas de mellora para o curso 2017/18 e o seguimento dos títulos adscritos ao centro.
 - c) Acórdase manter as metas correspondentes aos obxectivos de calidade do centro un curso

académico máis.

- d) Valídense a rúbrica correspondente ao TFG coa pretensión de que o alumnado e os membros do tribunal teñan uns criterios más obxectivos para a valoración, ter claro o que deben avaliar en cada un dos ítem. Na avaliación pormenorizada hai catro ítems. O anterior é saber se houbo plaxio, o uso de lingua estranxeira e o traballo en equipo.
- 6-6-18
 - a) Validación da actualización do plan operativo de información pública.
 - b) Acordo para manter o actual plan de promoción do centro.
 - c) Validación do programa e data de celebración do curso cero, do curso 3.5 e da xornada de acollida do Mestrado universitario en avogacía.
 - d) Aprobación do informe de seguimento do PAESU correspondente ao curso 2017/2018 e proposta do PAESU para o curso 2018/2019.
 - e) Validación do informe de seguimento da certificación do sistema de garantía de calidade da Facultade de Dereito.
 - f) Seguimento do plan de melloras do centro e por en funcionamento ou aplicar métodos, medidas etc., en relación as melloras que non se puideron acometer.
 - g) Acordo para a elaboración dun informe coas principais incidencias relativas á docencia.

2 DATOS E INDICADORES

2.1 Resultados acadados

Os datos que a seguir se seleccionan recollen os resultados do centro e de todas as súas titulacións oficiais de Grao e de Mestrado adscritas.

2.1.1 Rexistro de resultados do panel de Indicadores do SGIC (*Intégranse os coincidentes cos programas de acreditación e seguimento):

Centro			<u>Facultade de Dereito</u>			
Panel de Indicadores			Existe Meta de calidad asociada (obxectivo de calidad)?	Resultado	Resultado	Resultado
Codg SGC	Codg ACSUG	Descripción		Curso 2017-2018	Curso 2016-2017	Curso 2015-2016
I01-MC	E14	Certificación da implantación dos sistemas de calidad	Si: Renovar/manter a certificación do SGIC	POSITIVO	POSITIVO	POSITIVO
I05-MC	I4	Grao satisfacción PAS	Non hai meta	Non está no Portal de Transparencia	NON PROCEDE(É CADA 2 ANOS)	3.93
I01-DO	E2	Seguimiento das titulacións	Si: Obter informes positivos	Non se realizou o seguimiento por causas alleas ao noso centro	POSITIVO	POSITIVO
I02-DO	E2	Acreditación das titulacións	Si: Renovar a acreditación	Renovada (Grao e Mestrado)	RENOVADA (Grao)	RENOVADA (Mestrado)

Titulación			<u>Grao - Mestrado en: DEREITO / ADE –DEREITO/AVOGACÍA</u>			
Panel de indicadores			¿Existe Meta de calidad asociada aos obxectivo de calidad do centro? Indicar valor establecido	Resultado	Resultado	Resultado
Codg SGC	Codg ACSU G	Descripción		Curso 2017-2018	Curso 2016-2017	Curso 2015-2016
I02-MC	I4	Grao satisfacción estudiantado	Grao ≥ 3 sobre 5	3.27	3.28	3.18
			PCEO ≥ 3 sobre 5	2.68	2.99	N.D.
			Mestrado Avogacía: ≥ 3.5 sobre 5	3.61	4.17	4.15
I03-MC	I4	Grao satisfacción profesorado	≥ 3.5 sobre 5	NON PROCEDE (BIENAL)	4.3	N.D.
I04-MC	I4	Grao satisfacción persoas tituladas	≥ 3.5 sobre 5	Grao: 3.40	3.89	2.87
				Mestrado Avogacía: 3.63	3.37	2.51

I06-MC	I4	Grao satisfacción empregadores	≥ 3 sobre 5	N.D.	2.67	N.D.	
I01-AC		Nota media de acceso	Non hai meta	VER ANEXO I	Ver en web IRSD 1617	Ver en Web IRSD 1516	
I01(2)-AC		Nota mínima de acceso	Grao Dereito: ≥ 5.5	6.53	6.79	5.93	
			PCEO: ≥ 7	9.24	8.31	7.85	
			Mestrado: ≥ 5.5	6.010	5.99	5.74	
I02-AC		Ocupación	Grao: ≥ 100%	106.00 %	110 %	110 %	
			PCEO: ≥ 100%	115.00 %	135 %	110%	
			Mestrado: ≥ 66%	83.33 %	60 %	92 %	
I03-AC		Preferencia	≥100%	Grao Dereito: 128.00 %	140 %	104 %	
				PCEO: 140.00 %	110 %	150 %	
				Mestrado Avogacía: NON HAI DATOS PARA MEST.	63.3 %	92 %	
I03(2)-AC		Adecuación	≥70%	Grao Dereito: 66.04 %	52.73 %	69.09 %	
				PCEO: 60.87 %	55.56 %	86.36%	
				Mestrado Avogacía: NON HAI DATOS PARA MEST.	72.20 %	73.91 %	
I04-AC	I1	Matrícula de novo ingreso por preinscripción (Evolución do estudiantado matriculado en cada curso a académico)	Grao en Dereito: Cubrir número de prazas (50)	54	55	55	
			PCEO: Cubrir número de prazas (20)	23	27	22	
			Mestrado Avogacía: Cubrir número de prazas (30)	25	18	23	
I03-DO	I8	Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de avaliação docente)	Non hai meta	Grao Dereito: 72.97%	42.99 %	43.93 %	
				PCEO: 7.82%	54.03 %	50.80%	
				Mestrado Avogacía: 62.66%	164.92 %	163.88%	
I04-DO	I8	Grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado (Enquisas de avaliação docente)	Non hai meta	Grao Dereito: 3.90	3.83	3.98	
				PCEO: NON HAI DATOS	N.D.	N.D.	
				Mestrado Avogacía: 3.74	4.26	4.10	
I05-DO		Grao de satisfacción do estudiantado coa planificación e desenvolvemento do ensino	Grao: ≥ 3 sobre 5	2.90	3.27	3.08	
			PCEO: ≥ 3 sobre 5	1.86	2.6	N.D.	
			Mestrado Avogacía: ≥ 3.5 sobre 5	3.45	4.13	4.06	
I06-DO		Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino	≥ 3.5 sobre 5	NON PROCEDE (BIENAL)	Grao/PCEO: 4.19	NON PROCEDE (BIENAL)	
					Mestrado Avogacía: 4.42		
I07-DO	Grao de satisfacción das persoas tituladas coa	≥ 3 sobre 5	Grao Dereito: 2.87	3.84	NON HAI DATOS		

		planificación e desenvolvemento do ensino		Mestrado Avogacía: 3.05	3.26	NON HAI DATOS
I08-DO		Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	Non hai meta	NON HAI DATOS	NON HAI DATOS	NON HAI DATOS
I09-DO	I3	Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais	Non hai meta	9	4	9
I09(2)-DO		Estudantes estranxeiros	Non hai meta	NON HAI DATOS do 17/18	Grao: 2 Mestrado: 0	5 2
I010-DO		Duración media dos estudos	Grao en Dereito: ≤ 5/4 PCEO: ≤ 6/5 Mestrado Avogacía: ≤ 2/2	4.40 PCEO:- NON PROCEDE 2.2	5,54 NON PROCEDE 2.06	4.32 NON PROCEDE 2.00
I011-DO		Taxa de rendemento	Grao en Dereito: ≥ 65% PCEO: ≥ 70% Mestrado Avogacía: ≥ 90%	60 % 82% 99 %	57 % 75 % 99 %	63 % 73 % 98 %
I012-DO		Taxa de abandono	Grao en Dereito: ≤ 15% PCEO: ≤ 10% Mestrado Avogacía: ≤ 10%	15.63% 23,81% 4.35%	20,59% 21,43% 0%	14,49% 4,55% 0%
I013-DO		Taxa de eficiencia	≥ 90%	Grao Dereito:86% PCEO: Non procede Mestrado Avogacía:99%	84 % Non procede 99 %	92 % Non procede 100 %
I014-DO		Taxa de graduación	Grao en Dereito: ≥ 50% PCEO: ≥ 60% Mestrado Avogacía: ≥ 90%	39.13% No procede 94.44	52,17% No procede 95.65 %	42,03 % No procede 94.64 %
I015-DO		Taxa de éxito	Grao ≥ 80% PCEO ≥ 80% Mestrado Avogacía: ≥ 90%	77% 89% 100%	76 % 82 % 100 %	78 % 83 % 100 %
I016-DO		Tempo medio para atopar emprego	Non hai meta	A INFORMACIÓN DE EMPREGO NA UVIGO ATÓPASE NO ENLACE: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/69/21	N.D.	N.D.
I017-PE	I7	Porcentaxe de PAS en formación	≥ 75%	82.49% (Indicador por Facultade)	57.89 %	84.21 %
I017(2)-PE	I6	Profesorado en programas de formación	Non hai meta	Grao en Dereito: 7 Mestrado Avogacía: 2	10 5	8 1

I02-PE	Cualificación do PDI (DOUTORES)	Grao en Dereito ≥ 25 doutores	25	26	26
		PCEO: ≥ 20 doutores	PCEO: N.D.	N.D.	N.D.
		Mestrado Avogacía: ≥ 15 doutores	15	15	16
I03-PE	Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios)	Grao en Dereito ≥ 50 sexenios	62	59	54
		PCEO: ≥ 40 sexenios	PCEO: N.D.		
		Mestrado Avogacía: ≥ 30 sexenios	37	26	21
I03(2)-PE	Profesorado por categoría <u>VER ANEXO II</u>	Catedrático	Grao en Dereito: 1 PCEO: N.D. Mestrado Avogacía: 1	1 N.D. 1	1 N.D. 1
		Titular	Grao en Dereito: 14 PCEO: N.D. Mestrado Avogacía: 9	14 N.D. 9	9 N.D. 8
		Catedrática/o E.U.	Grao en Dereito: 1 PCEO: N.D. Mestrado Avogacía: 1	1 N.D. 1	1 N.D. 1
		Titular E.U.	Grao en Dereito: 1 PCEO: N.D. Mestrado Avogacía: 0	1 N.D. 0	1 N.D. 0
		Contratado Doutor	Grao en Dereito: 9 PCEO: N.D. Mestrado Avogacía: 4	9 N.D. 4	11 N.D. 6
		Contratado interino	Grao en Dereito: 2 PCEO: N.D. Mestrado Avogacía: 0	1 N.D. 0	1 N.D. 0
		Axudante Doutor/a	Grao en Dereito: 0 PCEO: N.D. Mestrado Avogacía: 0	1 N.D. 0	1 N.D. 0
		Axudante	Grao en Dereito: 0 PCEO: N.D. Mestrado Avogacía: 0	0 N.D. 0	0 N.D. 0
		Asociada/o	Grao en Dereito: 17 PCEO: N.D. Mestrado Avogacía: 0	19 N.D. 0	17 N.D. 0
		Predoutoral Xunta	Grao en Dereito: 1 PCEO: N.D. Mestrado Avogacía: 0	1 N.D. 0	1 N.D. 0
		Non aplicable	Grao en Dereito: 7 PCEO: N.D. Mestrado Avogacía: 25	2 N.D. 25	6 N.D. 25

2.1.2 Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento establecido pola ACSUG:

Indicadores de Seguimento			<u>Resultado/s</u> <u>Curso 2017-2018</u>	<u>Resultado Curso</u> <u>2016-2017</u>	<u>Resultado</u> <u>Curso 2015-2016</u>
E3	I2	Perfil de ingreso do alumnado (Grao)- Alumnado por titulación de procedencia (Mestrado). VER ANEXO III	Bacharelato	VER ANEXO III	
			FP	VER ANEXO III	
			Maiores 25 Anos	VER ANEXO III	
			Grao en....	VER ANEXO III	
				VER ANEXO III	
			Resultado	VER ANEXO III	
I9	% de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal)		3.06% (6 profesores)	N.D.	N.D.
I10	Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade	Nº	Grao en Dereito:4	7	3
			Mestrado Avogacía:3	3	1
		%	Grao en Dereito:7.41%		
			Mestrado Avogacía7.5%		
I11	Distribución do alumnado por centro de prácticas  TABLA 3 PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES VER ANEXO IV	Grao	Nome da empresa Entidade		
			Colexio de Procuradores de Ourense	2	1 4
			Colexio Notarial de Galicia	2	2 3
			Confederación Hidrográfica Miño-Sil	2	2 2
			Deputación Provincial de Ourense	2	2 2
			Fiscalía Provincial de Ourense	--	-- 5
			Albino Ferreira Rivera - Avogado	1	1 1
			ESEDE Avogados	1	2 1
			XURISGAL	--	1 1
			DGA Avogados	--	1 --
			Ferro Ribadulla Avogados	2	2 --
			ACEGA Asesores	--	1 --
			Subdelegacion do Goberno	4	4 4
			Concello de Ourense	--	2 2
			Concello de Barbadás	2	-- --
			ADER Recursos Humanos ETT	1	-- --
			Centro Penitenciaro Pereiro de Aguiar	1	1 --
			Parlamento de Galicia	5	10 --
			Confederación Empresarial de Ourense	--	2 --
			Servizo Galego de Saúde	1	-- --
			INGADE	1	-- --
			Pérez Rumbao	2	-- --
		Mestrado	Ana Isabel Alvarez Presas (Santiago)	1	
			Fernando Blanco Arce (Ferro Abogados)	1	
			Esther Rojo Martínez (Rojo Y Gómez Abogados)	1	
			Modesto De Francisco Requeiro (Verín)	1	
			Temes Montes, Jorge	1	
			David De León Rey	1	
			Xosé Manuel Pacho Blanco	1	
			Rosa María Merino Suengas	1	
			José Manuel Losada Diéguez	1	
			Rúa Abogados (Carballiño)	1	
			Diego Vidal Menéndez-Ponte (Avco & Co. Madrid)	1	

		Emilio Rodríguez Prieto (Lugo)	1		
		Antonio Moretón Brasa	1		
		Ana Isabel Gómez Díaz (Gabinete Jurídico Galius)	1		
		Mariano Gundín Fernández	1		
		Rúa Abogados (Carballiño)	1		
		Amadino Pereira Fernández (Xurisgal)	1		
		Luis Manual Salgado Carabajales	1		
I14	Resultados de inserción laboral	OS RESULDATOS DE INSERCIÓN LABORAL DOS QUE SE DISPON APARECEN NO SEGUINTE ENLACE: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/69/21			
I15	Media de alumnos por grupo de docencia (Ver táboa) INDICADOR I15.xlsx	Tamaño grupos A	Grao en Dereito: 38 Mestrado Avogacía: 18	N.D. N.D.	N.D. N.D.
		Tamaño grupos B	Grao en Dereito: 22	N.D.	N.D.
		Tamaño grupos C	Grao en Dereito: 0	N.D.	N.D.
		Nota: Para os mestrados, como só teñen un grupo o TMG, é a media de alumnos matriculados			

2.1.3 Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais

Titulacións de Grao				
	Resultados de Participación	Satisfacción xeral <u>curso 2017-2018</u>	Ítems/ epígrafes mellor valorados	Ítems epígrafes peor valorados
PAS	Non procede. Non houbo enquisas no curso 17-18			

Titulacións Mestrado				
	Resultados de Participación	Satisfacción xeral <u>curso 2017-2018</u>	Ítems/ epígrafes mellor valorados	Ítems epígrafes peor valorados
PAS	Non procede. Non houbo enquisas no curso 17-18			

Enquisa PAS	Información Xeral	Comunicación	Recursos humanos	Recursos materiais e servizos	Xestión da calidad	Xeral
Graos	Non procede. Non houbo enquisas no curso 17-18					
Mestrados	Non procede. Non houbo enquisas no curso 17-18					

Titulación					
	Resultados de Participación	Satisfacción xeral <u>curso 2017-2018</u>	Ítems/ epígrafes mellor valorados	Ítems epígrafes peor valorados	
Alumnado	Grao en Dereito:43%	3,27	7 A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web	12 A atención do persoal de administración e servizos do centro	
			8 A utilidade da información sobre a titulación publicada na web	6 A orientación académica recibida no plan de acción titorial	
			13 As aulas e o seu equipamento	2 A coordinación entre as materias do plan de estudos	
		2,68	13: As aulas e o seu equipamento	4: O calendario das probas de avaliación	

			14: Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento	6: A orientación académica recibida no plan de acción titorial
			15: Os espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudos, aulas de informática, biblioteca...) e o seu equipamento	Ítem 1-e 2 mesma valoración. 1: A estruturación ou organización temporal das materias do plan de estudos 2: A coordinación entre as materias do plan de estudos
	Mestrado Avogacía:74%	3,61	7: A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web	Ítem 1-e 2 misma valoración. 1: A estruturación ou organización temporal das materias do plan de estudos 2: A coordinación entre as materias do plan de estudos
			8: A utilidade da información sobre a titulación publicada na web	5: A cantidad de prácticas realizadas nas materias da titulación
			15: Os espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudos, aulas de informática, biblioteca...) e o seu equipamento	18: A capacidade para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas
Profesorado	NON PROCEDE			
Persoas tituladas	Grao en (O03G080V01) Dereito	3,80	13: As infraestruturas e os materiais disponíveis	12: A cualificación do persoal de administración e servizos
			15: Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi...)	18: A utilidade da formación recibida para a carreira profesional
			16: As xestións académicas (recoñecementos e transferencia de créditos, expedición do título...).	6: A utilidade das prácticas académicas externas, de ser o caso

	Grao en Dereito (O03G081V01)	3,24	Ítem 12-e 14 mesma valoración. 12: A cualificación do persoal de administración e servizos 14: Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...)	3: As metodoloxías de ensino-aprendizaxe empregadas			
			15: Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi...)	7: Os programas de mobilidade, de ser o caso			
			8: A accesibilidade da información para as persoas tituladas no portal da Universidade	5: A orientación profesional e laboral			
			15: Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi...)	9: A utilidade da información para as persoas tituladas publicada no portal da Universidade			
	Mestrado en avogacía	3,17	14: Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...)	4: A orientación académica para continuar os estudos			
			12: A cualificación do persoal de administración e servizos	8: A accesibilidade da información para as persoas tituladas no portal da Universidade			
Empregadores		NON PROCEDE					
Enquisa		Organización e Desenvolvemento	Información e transparencia	Sistema de garantía de calidad	Recursos humanos	Recursos materiais e servizos	Resultados de aprendizaxe
Alumnado	Grao en Dereito	2,90	3,60	2,96	3,20	3,50	3,42
	PCEO ADE-Dereito	1,86	2,77	1,80	3,25	3,66	3,08
	Mestrado Avogacía	3,45	3,79,	3,57	3,61	3,79	3,42
Profesorado		NON PROCEDE					
Pessoas Tituladas	Grao en Dereito O03G080V01	3,65	3,82	3,80	3,17	4,43	3,67
	Grao en Dereito O003G081V01	2,87	3,42	3,33	3,42	3,58	3,33
	Mestrado Avogacía	3,05	2,33	3,33	3,50	3,64	3,17

2.1.4 Indicadores por materia

Titulación: Grao en Dereito/Mestrado Avogacía/ PCEO ADE-DEREITO

Panel de indicadores por materia		Materia	Resultado Curso X	Resultado Curso X-1	Resultado Curso X-2
IM01	Taxa de éxito	Ver anexo V			
IM02	Taxa de avaliación				
IM03	Taxa de rendemento				

ANEXOS:

	Rendemento por materia	Rendemento por materia Cursos 2017-2018, 2016-2017, 2015-2016	
Grao en Dereito:	Rendemento por materia GRAO DEREI	Rendemento por materia grao tres cur	
PCEO ADE-Dereito:	Rendemento por materia PCEO.xlsx	Rendemento por materia pceo tres cur	
Mestrado en Avogacía:	Rendemento por materia MESTRADO A	Rendemento por materia mestrado tre	

Informes de cualificación por materia

	2017-2018	2016-2017	2015-2016
Grao en Dereito:	Cualificacións por materia GRAO DEREI	Cualificacións por materia grao 16-17.x	Cualificacións por materia grao 15-16.x
PCEO ADE-Dereito:	Cualificacións por materia PCEO.xlsx	Cualificacións por materia pceo 16-17.x	Cualificacións por materia pceo 15-16.x
Mestrado en Avogacía:	Cualificacións por materia MESTRADO A	Cualificacións por materia mestrado 16-	Cualificacións por materia mestrado 15-

2.1.5 Datos relativos a QSP recibidas

Queixas	Sinalar (se procede) á titulación á que corresponden	Resultado	Resultado	Resultado
		Curso 2017-2018	Curso 2016-2017	Curso 2015-2016
Relativas á:	Docencia	0	0	0
Relativas á:	Infraestruturas	0	0	0
Relativas á:	Servizos	0	0	0
Relativas á:	Outros	0	0	0
Suxestións				
Relativas á:	Docencia	0	0	0
Relativas á:	Infraestruturas	0	0	0
Relativas á:	Servizos	0	0	0
Relativas á:	Outros	1	1	0
Parabéns				
Relativas á:	Docencia	6	14	22
Relativas á:	Infraestruturas	0	0	0
Relativas á:	Servizos	0	0	0
Relativas á:	Outros	2	0	0

2.1.6 Estado da situación dos rexistros de calidade do sistema



2.1.7 Outros datos

A. Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade

No curso 2017/2018 desenvolvérónse na Facultade de Dereito as seguintes accións formativas:

CURSO 0: INTRODUCCIÓN AOS ESTUDOS DE DEREITO

DATA: 4 DE SETEMBRO DE 2017

LUGAR: AULA CONCEPCIÓN ARENAL DA FACULTADE DE DEREITO

XORNADA DE ACOLLIDA MESTRADO UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA

DATA: 22 DE SETEMBRO DE 2017

LUGAR: SALA DE VIDEOCONFERENCIA FACULTADE DE DEREITO.

ORIENTA IURIS “II FEIRA DE EMPREGO XURÍDICO DE GALICIA E NORTE DE PORTUGAL”

DO 25 DE SETEMBRO AO 27 DE OUTUBRO DE 2017

XORNADAS SOBRE A DIMENSIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DO SALARIO, OS NOVOS SISTEMAS RETRIBUTIVOS

DATA: 29 DE SETEMBRO 2017

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO- EMPRESARIAL

PENSAR EL CINE IX: SEXUALIDAD, MULLER E IGUALDADE

DATA: DO 4 AO 15 DE OUTUBRO 2017

LUGAR: AULA MAGNA FACULTADE DE DEREITO

XORNADAS SOBRE FEMINISMO E TEORÍA DO DEREITO

DATAS: 19 E 26 DE OUTUBRO 2017

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO (CAMPUS DE OURENSE E CAMPUS DE VIGO)

CHARLAS-COLOQUIO SOBRE O PARLAMENTO DE GALICIA

DATA: 6 NOVEMBRO 2017

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO- EMPRESARIAL

CURSO DE ACTUALIZACIÓN XURÍDICA 2017/2018

DATA: DO 3 NOVEMBRO DE 2017 AO 25 MAIO DE 2018

LUGAR: SALÓN DE GRAOS/SALA DE XUNTAS DO DECANATO

LIGA DE DEBATE

DATA: ÚLTIMA SEMANA DE NOVEMBRO. DEBATES FINAIS: 14 E 15 DE DECEMBRO DE 2017.

LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

CONFERENCIA: DERECHO DE DEFENSA Y PRESUNCIÓN DE INOCENCIA.

DATA: 3 DE NOVEMBRO

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL

CONFERENCIA: PROTECCIÓN DE DATOS E TRANSPARENCIA.

DATA: 3 DE NOVEMBRO 2017

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL

II SEMINARIO-TALLER: LITERATURA E DEREITO “ESTADO, ADMINISTRACIÓN E NOVAS TECNOLOGÍAS NA NARRATIVA CONTEMPORÁNEA”

DATA: 10 DE NOVEMBRO DE 2017

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

SEMINARIO DE DEREITO E MEDICINA

DATA: 11 DE DECEMBRO 2017

LUGAR: SALA DE XUNTAS DO DECANATO

CONFERENCIA INAUGURAL DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO DO CAMPUS DA AUGA: BONDADES DA ROTURA DE FRONTEIRAS NA CREACIÓN CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA

DATA: 15 DE DECEMBRO DE 2017

LUGAR: SALÓN GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL

CURSO 3.5. ORIENTACIÓN ACADÉMICA PARA ESTUDANTES DE 3º CURSO DE GRAO EN DEREITO E DE 4º

CURSO DO PCEO ADE-DEREITO

DATA: 22 DE XANEIRO DE 2018

LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

XORNADAS DEREITO Á INTIMIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS NO ÁMBITO LABORAL

DATA: 11 DE ABRIL 2018

LUGAR: SALÓN GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL

I XORNADA “MULLER E PROCESO”**DATA: 18 e 26 DE ABRIL 2018****LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO****CONFERENCIA: “PROBA PRECONSTITUÍDA E PROBA ANTICIPADA”****DATA: 26 ABRIL 2018****LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL****CONFERENCIA: “A PRÁCTICA ACTUAL DO DEREITO INTERNACIONAL PRIVADO EN ESPAÑA: A LOITA CONTRA OS CARTÉIS”****DATA: 8 DE MAIO 2018****LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL****CONFERENCIA: “A FUNDACIÓN VICENTE FERRER E A LOITA CONTRA A POBREZA NA INDIA” A TÚA GOTA APORTA****DATA: 22 DE MAIO 2018****LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL****I ENCONTRO INTERNACIONAL SOBRE ARGUMENTACIÓN E CONFLITO DE DEREITOS****DATA: DO 23 AO 25 DE MAYO DE 2018****LUGAR: SALÓN DE GRAOS DO EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL****B. Actuacións de promoción do centro**

Ao longo do curso 2017-18 leváronse a cabo diversas actividades de promoción do centro, dentro do mencionado Plan de promoción, entre as que destacan as seguintes relativas ao Grao en Dereito e PCEO:

- Celebración do Curso Cero. O día 4 de setembro de 2017 celebrouse o denominado “Curso Cero”, destinado a facilitar ao alumnado de novo ingreso o tránsito e adaptación ao ámbito universitario, presentando o Grao en Dereito e dándolle a coñecer os instrumentos postos á súa disposición por parte de Facultade
Obxectivos:
 - Facilitar ao alumnado o tránsito e adaptación á contorna universitaria.
 - Presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito.
 - Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas ao seu dispoñer na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
- Celebración da II Feira de Emprego Xurídico de Galicia e Norte de Portugal. Orienta Iuris, unha Feira de emprego especializada no ámbito xurídico en Galicia e norte de Portugal, que se concibe como un punto de encontro no que estudiantes, titulados/as e profesionais do mundo do Dereito poidan compartir experiencias, interrelacionarse e mellorar as posibilidades de acceso ao mercado laboral. Este evento, organizado pola Facultade de Dereito do Campus de Ourense, celebrou a súa segunda edición co principal obxectivo de fomentar a empregabilidade do estudiantado e a realización de prácticas preprofesionais. Orienta Iuris estruturouse en tres bloques de actividades:
 - Taller virtual: A través dun obradoiro virtual, entre o 25 de setembro e o 5 de outubro, no que os asistentes aprenden a elaborar o seu CV e a deseñar estratexias para a busca activa de emprego.
 - Foro de emprego: Actividades participativas como micro-charlas, debates e mesas redondas (celebrado o 6 de outubro) que axudan ao estudiantado a definir o perfil profesional que resulte máis axeitado ás demandas reais do mercado laboral e a coñecer experiencias vividas por profesionais do sector.
 - Feira de emprego: o día 27 de outubro, na Feira de emprego xurídico, ademais de mesas redondas con ex alumnos/as da Facultade, hai unha zona de expositores, onde as entidades colaboradoras poden presentar os seus programas de formación e carreira, comezar os seus procesos de selección e desenvolver sesións de networking.Pola súa banda, o alumnado e titulados/as de Dereito pode achegarse a estes espazos para coñecer a oferta existente, presentar os seus currículos e manter entrevistas de traballo.

- Celebración do curso 3.5. O Curso de Orientación académica, para estudiantes de terceiro curso do Grao en Dereito e cuarto do PCEO ADE-Dereito, celebrouse o luns 22 de xaneiro de 2018 na aula Magna da Facultade de Dereito. Os seus obxectivos son facilitar ao alumnado a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de Mestrado e o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral; presentar ao alumnado información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de Grao; e dar a coñecer ao alumnado os recursos e ferramentas que teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.

B.1. Actuacións desenvolvidas durante o curso 2017-18 para a promoción do centro e das súas titulacións:

- En centros de educación secundaria e bacharelato e de Formación Profesional da provincia: Remisión, no mes de maio de 2018, dun correo electrónico con información sobre as titulacións de Grao do centro (perfil de ingreso, plan de estudios, perfil de egreso) aos orientadores/as de ensino secundario e centros de FP da provincia, coa finalidade de darriles a coñecer a nosa oferta formativa e promocionar o Centro entre o seu alumnado.
- Xornadas de portas abertas: con motivo da celebración do Día Mundial da Auga, o Campus Universitario de Ourense Campus da Auga, celebrou o mércores 22 de marzo, unha xornada de portas abertas dirixida a estudiantes de Educación Secundaria e Bacharelato das provincias de Ourense e Pontevedra.
- O obxectivo foi orientar aos estudiantes sobre o seu futuro universitario, e dar a coñecer a investigación que se está a realizar no marco do Campus da Auga. Neste sentido, a Decana da Facultade de Dereito participou presentando as diferentes titulacións e as saídas profesionais.
- Organización de actividades múltiples: conferencias, seminarios, congresos, xornadas sobre temas xurídicos, comunicados de prensa sobre os principais eventos e novedades, folletos e Carteis informativos que poden consultarse na páxina web da Facultade na ligazón de actualidade - <http://dereito.uvigo.es/es/actualidad> e <http://dereito.uvigo.es/gl/actualidade->. (figuran no apartado anterior).

B.2. Revisión e actualización da sección alumnado da web da Facultade, coa finalidade de incluír información para captar alumnado de novo ingreso.

En concreto, información precisa sobre:

- 10 razóns para estudar Dereito e facelo no Campus de Ourense
<http://dereito.uvigo.es/es/alumnado/bienvenida>
- En que consiste o Grao en Dereito? Vídeos do Prof. Roberto O. Bustillo, profesor de Dereito Administrativo e ex-decano da Facultade e de Dª. Alba Rodríguez Álvarez, alumna do Grao en Dereito
<http://dereito.uvigo.es/es/alumnado/orientacion-al-alumnado>
- Estrutura en Mencións: Información detallada sobre o Grao en Dereito e as mencións no título de graduado que oferta a Facultade de Dereito de Ourense: a Mención en Dereito xudicial, más clásica e xeneralista dentro da especialización, e a Mención en Dereito da UE e desenvolvemento sostible, más innovadora e cun enfoque supranacional
<http://dereito.uvigo.es/es/estudios/grado-en-derecho-g081/estructura-en-menciones>
- O alumnado opina: Grao en Dereito e PCEO ADE-Dereito. Vídeos promocionais con intervención de dous alumnos do Grao (Dª. Beatriz Pardo Iglesias e D. Alejandro Soriano Rodríguez) e dous alumnos do PCEO (D. Iván Fariñas Álvarez e Dª. Paula Gamallo Carballude)
<http://dereito.uvigo.es/es/alumnado/orientacion-ao-alumnado>.
<https://tv.uvigo.es/video/5b5b4d048f42087c570abb04>

3 ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓN DO CENTRO – SEGUIMENTO DAS TITULACIÓN

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os estudos de **Grao en Dereito** comenzaron a impartirse no curso académico 2009/2010. O plan de estudos do Grao, denominado G080, foi lixeiramente modificado no curso 2013/2014, e comezou a implantarse no curso académico 2014/2015 como plan G081. Esta modificación foi aproveitada para estruturar mellor o iter cronolóxico da carreira e redeseñar a oferta de materias optativas para incrementar o seu atractivo, aproximando unha das dúas mencións preexistentes á especialización do Campus da Auga (e, nun contexto máis amplio, o “desenvolvemento sostible”) no que se integra a Facultade de Dereito.

Tamén no curso 2014/2015 se acometeu a posta en marcha do Programa conxunto ADE-Dereito elaborado polas Facultades de Dereito e Ciencias Empresariais e Turismo sobre os plans de estudos oficiais, permitindo que un estudiante poida simultanear estudos de Grao en Dereito e Grao en Administración e Dirección de Empresas e conseguir ambos títulos en cinco anos. O alumnado do PCEO realiza unha soa enquisa de satisfacción para ambas as dúas titulacións (Dereito e ADE), o que dificulta a análise de resultados da titulación de Graduado/a en Dereito do alumnado do PCEO. Aínda que dende o centro se solicitou á Área de Calidade que o alumnado do programa conxunto cubra unha enquisa para cada titulación (segundo o indicado na acción de mellora que se propuxo para este curso - 2017GDO01), este desdobramento aínda non se fixo efectivo polo que se propón como acción de mellora volver a solicitar a realización de dúas enquisas para os alumnos do PCEO, unha por cada titulación para poder coñecer os datos reais de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino no Grao en Dereito. A Universidade de Vigo, no seu obxectivo de ofrecer alternativas de formación que melloren a oferta dispoñible, posibilitou a través do PCEO que un/unha estudiante poida cursar de forma simultánea os estudos do Grao en Dereito e do Grao en Administración e Dirección de Empresas no Campus de Ourense en 5 cursos académicos. Este programa conxunto, elaborado polas facultades de Dereito e de Ciencias Empresariais e Turismo, permite simultanear os estudos mediante a ordenación temporal das materias a cursar, a adecuación de horarios, a coordinación das titulacións e recoñecementos específicos para estudiantes do PCEO. Aínda que, co fin de facilitar as distintas xestións administrativas relacionadas co expediente académico de cada estudiante, designouse á Facultade de Dereito como centro responsable da súa tramitación e custodia, as materias do Grao en ADE impártense na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo e as materias do Grao en Dereito na Facultade de Dereito, respectándose en ambos os dous casos o disposto nas súas respectivas memoria de verificación.

Cada facultade encárgase da actualización e adecuación do programa formativo do seu respectivo título e do desenvolvemento do seu plan de estudos conforme a memoria verificada, áinda que con suxección á coordinación xeral prevista na Memoria para o programa conxunto de estudos oficiais do Grao (PCEO) do Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Grao en Dereito aprobada no Consello de goberno do 22 de xullo de 2016. Na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, os alumnos intégranse no horario de tarde co alumnado do PCEO ADE-Informática e co alumnado de ADE. Na Facultade de Dereito, en cambio, existe un grupo específico para o PCEO, sen que os alumnos se integren na mesma aula co alumnado do Grao en Dereito. Cada Facultade organiza, planifica, xestiona e desenvolve o ensino segundo os criterios aplicables ao correspondente Grao e segundo o disposto na súa memoria de verificación, sen prexuízo dunha coordinación conxunta en horarios, probas finais de avaliación e, en xeral, cando existan dificultades na coordinación que o fagan conveniente.

A súa vez, o **Mestrado universitario en avogacía** implantouse no curso 2013/2014.

Durante o curso 2016/2017, o **Grao en Dereito** someteuse con éxito ao proceso de renovación da súa acreditación, obtendo o informe favorable por parte do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte o 12 de xullo de 2017.

O **Mestrado universitario en avogacía** xa renovara a súa acreditación o 6 de outubro de 2016, a partir do proceso desenvolvido durante o curso anterior ao que é obxecto do presente informe.

Trala acreditación institucional da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo, declarada pola Resolución de 28 de xaneiro de 2019, do Consejo de Universidades, as titulacións oficiais de Graduado/a en Dereito e Mestrado universitario en avogacía, incorporarán como data de renovación da acreditación no Rrexistro de Universidades, Centros e Títulos o 28 de xaneiro de 2019. Mentre a acreditación manteña os seus efectos -deberá renovarse antes do transcurso de cinco anos contados a partir da data da resolución da declaración-, permitirá renovar a acreditación das titulacións oficiais que imparta o centro sen necesidade de someterse ao procedemento xeral.

Os títulos de Graduado/a en Dereito e Mestrado universitario en Avogacía da Universidade de Vigo impártense en dúas Facultades (Dereito de Ourense e Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo) –o Mestrado en colaboración con tres Colexios Profesionais de Avogados (de Ourense, Pontevedra e Vigo)-, o que xustifica que, respectándose en todo caso escrupulosamente o disposto na memoria de verificación, exista unha planificación docente, unhas guías docentes, uns coordinadores e un profesorado non idéntico en ambos centros.

A definición dos módulos e materias que componen os plans de estudos do Grao e do Mestrado son coherentes cos obxectivos e as competencias dos títulos e se corresponden co establecido na memoria de verificación.

Mediante o acceso ás guías docentes das materias pode comprobarse que o desenvolvemento das actividades académicas, as metodoloxías docentes e o sistema de avaliación e cualificación se corresponde co establecido na memoria. As guías docentes seguen un modelo estandarizado, son elaboradas polo coordinador de cada materia a través da aplicación Docnet, apróbanse cada curso académico pola Xunta de Facultade de cada Centro e publícanse con antelación á apertura do período de matrícula para que as persoas interesadas poidan ter coñecemento delas con tempo suficiente. Cada materia conta cunha persoa coordinadora coa función de, basicamente, uniformar metodoloxías docentes e criterios de avaliación entre o distintos profesorados que participa na materia correspondente.

Tamén se publican a través da páxina web os horarios de clase e o calendario de exames coa debida antelación, antes da apertura do período de matrícula. Do mesmo xeito, durante o cuadrimestre, o alumnado pode acceder ó cronograma de actividades onde se recollen todas aquelas probas, presentacións, entrega de traballos, etc, para facilitar ao estudiante a planificación do seu traballo autónomo.

Por outra banda, o Plan de Acción Titorial (PAT) configurase como un mecanismo que permite ofrecer ó estudiantado apoio académico e profesional. Ademais, permite detectar problemas no desenvolvemento e planificación da ensinanza e facilita a coordinación docente.

Con respecto ao **Grao**, hai que destacar que a **demand**a do título é elevada, permite cubrir todas as prazas ofertadas e xustifica a existencia e sustentabilidade do título. Este aspecto está corroborado polo indicado no “Informe final de avaliación para a renovación da acreditación”, emitido pola ACSUG o 23 de xullo de 2017 (disponible en http://dereito.uvigo.es/images/docs/calidate/acreditacion/IFARA_Dereito_2017.pdf).

En relación ao **Mestrado**, aínda que non se cubriron todas as prazas, a **demand**a mantense en alza cubrindo unha porcentaxe elevada das prazas ofertadas. Este aspecto está corroborado polo indicado no “Informe final de avaliación para a renovación da acreditación”, emitido pola ACSUG o 23 de xullo de 2017 (disponible en http://dereito.uvigo.es/images/docs/calidate/acreditacion/IFARA_MAV_2014-15.pdf).

A **evolución do estudiantado matriculado** reflicte que:

- No **Grao/PCEO**, cumpriuse a meta fixada (cubrir 50 prazas para o Grao e 10 para o PCEO): 54 matrículas de novo ingreso por preinscripción no Grao e 23 no PCEO, de xeito similar ou superior aos cursos anteriores: 2016/2017 (55 en Grao/27 en PCEO), 2015/2016 (55 en Grao /22 en PCEO)
- En relación co **Mestrado universitario en avogacía**, tamén se cumple coa meta de cubrir 25 prazas, mellorando notablemente o número de matriculados con respecto aos anos anteriores: en 2016/2017 matriculáronse 18 alumnos e en 2015/2016, 23. Este incremento débese, probablemente, a que dende a facultade traballouse en diversas melloras ao longo do curso 2016/2017 tendentes a paliar as restricións impostas ao ingreso do alumnado con estudios estranxeiros e/ou do último curso con algúna materia pendente, o que permitiu incrementar o número de alumnos matriculados para o curso 2017/2018. Non resulta necesario entón, por todo o exposto, adoptar novas accións de mellora neste punto.

As **taxis de ocupación, preferencia e adecuación**¹ indican que:

- No **Grao / PCEO** cúmprense as metas sinaladas cunha evolución en xeral coincidente en relación coas **taxis de ocupación** (Grao: 106%, PCEO: 115%) respecto dos cursos anteriores 2016/2017 (110 %/135 %) 2015/2016 (110 %/110 %), polo que non é preciso variar aquí as metas fixadas (100 %) nin adoptar propostas de mellora. A **taxa de preferencia** no Grao (128%) descende sensiblemente respecto a do ano anterior pero segue a ser superior a de fai dous anos 2016/2017 (140 %) 2015/2016 (104 %) e increméntase no PCEO (140 %) con respecto o ano anterior 2016/2017 (110 %) 2015/2016 (150%). En ambos os dous casos supérase a meta prevista (100 %). A **taxa de adecuación** increméntase nos dous casos (Grao: 66.04%, PCEO: 60.87%) con respecto ó ano anterior 2016/2017 (Grao: 52,7 % / PCEO: 55,5 %) e non se alcanza a meta prevista (70 %), aínda que esta taxa simplemente indica a porcentaxe de estudiantes que conseguén cursar os estudos que elixiron como primeira opción, polo que parece a menos significativa das tres aquí examinadas. Dado que a taxa se incrementou con respecto ao curso pasado, parece adecuado esperar outro ano máis para ver como evoluciona antes de decidir se se modifica a meta fixada. Non parecen necesarias accións de mellora.
- En canto ao **Mestrado universitario en avogacía**, a **taxa de ocupación** (83.33%) incrementouse con respecto ó curso anterior 2016/2017 (60 %) 2015/2016 (92%) superando a meta fixada (66%). A meta da **taxa de preferencia** está nun 100% e o de a **taxa de adecuación** nun 70 % (igual á do Grao). En ambos os dous casos, non se dispón de datos para o

¹ **Taxa de ocupación** = % entre matrícula de novo ingreso por preinscripción e prazas ofertadas. **Taxa de preferencia** = % entre preinscripción en 1^a opción (demanda) e prazas ofertadas. **Taxa de adecuación** = % entre matrícula de novo ingreso por preinscripción en 1^a opción e matrícula total de preinscripción.

curso 2017/2018, polo que non se pode ver a evolución con respecto os pasados cursos. Non se considera necesario variar as metas fixadas e non parecen necesarias accións de mellora neste punto.

A **nota media de acceso** do alumnado resulta complexa de analizar e tampouco parece moi evidente a utilidade deste indicador. A dificultade de análise estriba na enorme pluralidade de perfís do alumnado de novo ingreso, particularmente no Grao, contando cada grupo coa súa nota media específica. A este respecto, non obstante, se atendemos ao núcleo de maior relevancia (alumnado procedente da rama de humanidades e ciencias sociais por bacharelato LOE) hai que destacar que a nota media é de 7.236. Non existen metas neste punto en relación co Grao e o PCEO nin parece aconsellable fixalas, tendo en conta a escasa utilidade do dato, en relación coa complexidade que esixe o seu manexo e análise. Menos sentido ten ainda valorar este índice ou fixar unha meta para o mesmo no Mestrado universitario en avogacía.

A **nota mínima de acceso** do alumnado, en cambio, resulta de análise moito más sinxela e é más reveladora que a anterior. Neste sentido:

- Para **Grao / PCEO** aquí a meta proposta é diferente: 5,5 no primeiro e 7 no segundo. En ambos os casos supérase claramente a meta fixada (Grao: 6.53, PCEO: 9.24). No caso do Grao, descende sensiblemente con respecto ó ano anterior 2016/2017 (6,79), pero segue sendo superior a do curso 2015/2016 (5,93). Con respecto ao PCEO, o incremento da nota mínima é considerable con respecto aos cursos anteriores 2016/2017 (8.31), 2015/2016 (7.85).
- No **Mestrado universitario en avogacía** a meta é un 5,5 de nota mínima e conséguese un 6.01, superior a nota mínima dos cursos anteriores 2016/2017 (5,99), 2015/2016 (5,74).

En canto ao **perfil de ingreso do alumnado**:

- En relación co **Grao/PCEO**, a memoria do título establece no seu apartado 4 (acceso e admisión de estudiantes) punto 2 (requisitos de acceso e criterios de admisión) o seguinte:

"O acceso á titulación réxese polo establecido na Orde EDU/1434/2009, de 29 de maio, pola que se actualizan os anexos do Real Decreto 1892/2008 de 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso aos ensinos universitarios oficiais de Grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas.

As vías e requisitos de acceso dos novos estudiantes serán as reguladas pola normativa estatal e autonómica correspondente.

Poden cursar satisfactoriamente os estudos os titulados/as de bacharelato en calquera das súas ramas, preferiblemente as relacionadas co ámbito social e humanístico. Así mesmo, poderán acceder á titulación alumnos que teñan superados os estudos de Formación Profesional (ciclo de Grao superior/ciclo formativo/módulos profesionais nivel 3) segundo as seguintes familias profesionais: administración, comercio e mercadotecnia, mantemento de servizos á producción (prevención de riscos profesionais). Todo isto aparece perfectamente definido nas convocatorias de matrícula que para cada curso académico convócanse por Resolución reitoral conforme ao establecido nos Estatutos da Universidade de Vigo (DOG de 02/02/2010) e en aplicación do disposto no Real Decreto 69/2000 de 21 de xaneiro (BOE do 22), polo que se regulan os procedementos para o ingreso nos centros universitarios.

Non se exige formación previa específica para o ingreso no Grao en Dereito”.

Polo tanto, non é preciso realizar unha maior análise destes datos, dadas as características do xenérico perfil de acceso aos estudos xurídicos, como se acaba de expoñer.

- En relación co **Mestrado universitario en avogacía**, todo o alumnado é graduado en Dereito.

En canto ao **número de estudiantes que participan en programas de mobilidade internacionais**, durante o Curso 17/18 realizaron mobilidade ERASMUS 6 alumnos de Grao en Dereito, e 2 do PCEO. Así mesmo, unha alumna de Grao empezará o próximo mes de agosto a súa mobilidade no marco do Programa de Bolsas Propias da Universidade de Vigo (mobilidade con América Latina).

Finalmente, no relativo ao **número de profesores/as que participan en programas de mobilidade**:

- No **Grao/PCEO** descende o número: 4 profesores neste curso (7.41%) fronte a 7 no curso 2016/2017 pero segue sendo superior o número de profesores que participaron en programas de mobilidade no curso 2015/2016 (3 profesores).
- No **Mestrado** mantense o número de profesores, 3 (7.5%) ao igual que sucedeu no curso pasado 2016/2017, e superior ao curso 2015/2016 (1 profesor).

Respecto ó **número de estudiantes estranxeiros**, a Facultade contou con dous estudiantes.

Planificación e desenvolvemento do ensino

- A. No relativo ao **nivel de satisfacción coa planificación e o desenvolvemento do ensino**, as metas estratéxicas son 3,5 sobre 5 puntos para profesorado tanto no Grao / PCEO como no Mestrado; 3 sobre 5 puntos para o alumnado de Grao/PCEO e 3,5 no Mestrado respectivamente; e 3 sobre 5 en relación cos titulados, tanto en Grao/PCEO como no Mestrado.

A **satisfacción xeral do alumnado** coa planificación e o desenvolvemento do ensino neste curso é a seguinte:

Grao en Dereito	2,90
PCEO ADE-Dereito	1,86
Mestrado Avogacía	3,45

- No **Grao** en Dereito o nivel de satisfacción (2.90) descende sensiblemente respecto dos cursos anteriores: 2016/2017 (3,27), 2015/2016 (3,08), aínda que queda só unha décima por debaixo da meta fixada. Considérase que é necesario esperar aos datos do próximo curso para decidir se se debe adoptar algúna acción de mellora.

- No **PCEO** o descenso é máis significativo dado que neste curso o Grao de satisfacción é de 1.86 e no curso 2016/2017 foi de 2.6. En ambos os dous casos, por debaixo da meta fixada. Cabe lembrar que estes resultados proceden dun apartado concreto da enquisa de satisfacción, e que o alumnado deste grupo realizou unha soa enquisa para ambas as dúas titulacións (Dereito e ADE). Aínda que dende o centro se solicitou á Área de Calidade que o alumnado do dobre Grao cubra unha enquisa para cada titulación (segundo o indicado na acción de mellora que se propuxo para este curso - 2017GDO01), este desdobramento aínda non se fixo efectivo polo que se propón como acción de mellora volver a solicitar a realización de dúas enquisas para os alumnos do PCEO, unha por cada titulación, Graduado/a en Dereito e Graduado/a en ADE, porque, en caso contrario, os datos obtidos poden resultar enganosos.
- No **Mestrado universitario en avogacía**, descende tamén o Grao de satisfacción a 3.45 fronte os datos de cursos anteriores: 2016/2017 (4,13), 2015/2016 (4,06). Dado que a meta está fixada en 3.5, considérase necesario esperar a ver os resultados do próximo curso para decidir se se modifica a meta.

A **satisfacción xeral das persoas tituladas** neste curso é a seguinte (no PCEO non existen aínda persoas tituladas):

Grao en Dereito O03G080V01	3,65
Grao en Dereito O003GO81V01	2,87
Mestrado Avogacía	3,05

- No **Grao** en Dereito (do PCEO non hai datos porque aínda non hai persoas tituladas) descende o Grao de satisfacción de 3.84 (2016/2017) a 3.26 (promedio do Grao de satisfacción do G081 e G080), aínda que se supera a meta fixada de 3.
- No **Mestrado** universitario en avogacía descende levemente o Grao de satisfacción (3.05) con respecto o do curso 2016/2017 (3,26), aínda que se supera a meta fixada de 3.

Non parece necesario, polo tanto, realizar unha proposta de mellora neste aspecto, salvo continuar na mesma senda.

Analizando os ítems das enquisas de satisfacción de cada colectivo e titulación, ningún dos relativos á ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO está entre os tres mellor valorados.

Se analizamos os peor valorados atopamos os seguintes:

Items peor valorados polo alumnado:

Grao:

6 A orientación académica recibida no plan de acción titorial (2.84)

2 A coordinación entre as materias do plan de estudios (2.85)

PCEO

4: O calendario das probas de avaliación (1.25)

6: A orientación académica recibida no plan de acción titorial (1.64)

1: A estruturación ou organización temporal das materias do plan de estudos (1.75)

2: A coordinación entre as materias do plan de estudos (1.75)

Mestrado:

1: A estruturación ou organización temporal das materias do plan de estudos (3.24)

2: A coordinación entre as materias do plan de estudos (3.24)

5: A cantidade de prácticas realizadas nas materias da titulación (3.32)

Items peor valorados polas persoas tituladas:**Grao (O03G080V01):**

6: A utilidade das prácticas académicas externas, de ser o caso (3.33)

Grao en Dereito (O03G081V01)

3: As metodoloxías de ensino-aprendizaxe empregadas (2)

7: Os programas de mobilidade, de ser o caso (2.75)

5: A orientación profesional e laboral (2.83)

Mestrado en avogacía

4: A orientación académica para continuar os estudos (2.33)

Como se pode apreciar, os alumnos do PCEO son os más descontentos coa organización docente e desenvolvemento do ensino. Como non se dispón de datos separados por titulación é difícil valorar accións de mellora, a excepción de solicitar á área de Calidade que o alumnado do PCEO cubra dúas enquisas de satisfacción, unha por cada titulación.

En relación co **nivel de satisfacción do profesorado**, non existen datos para este curso dado que a enquisa é bienal. No curso 2016/2017, cos datos relativos ao Grao/PCEO (non existen datos desagregados do profesorado entre ambas as modalidades, tan só entre o G080 e o G081) superáronse claramente as metas fixadas (cun 4,48 e un 4,19 respectivamente). No Mestrado universitario en avogacía os datos do curso 2016/2017 foron igualmente bons, cun 4,42. Non cabe entón propoñer accións de mellora á vista dos resultados obtidos.

B. En relación co **nivel de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado** (Enquisas de avaliación docente):

- No **Grao** (*non hai datos desagregados para o PCEO*) increméntase o Grao de satisfacción xeral de 3.66 (2016/2017) a 3.90 (2017/2018).
- No **Mestrado**, descende o Grao de satisfacción xeral de 4.26 (2016/2017) a 3.74 sobre 5. Dado que no curso 2015/2016 o Grao de satisfacción foi de 4.10, considérase que non é necesario establecer accións de mellora.

Máis en detalle, o nivel de satisfacción obtido (sobre 5) foi o seguinte:

	Grao			Mestrado		
	2017/2018	2016/2017	2015/2016	2017/2018	2016/2017	2015/2016
Importancia da materia para a formación	4.14	3.99	4.09	4.26	4.47	4.60
Os créditos da materia gardan proporción co volume de traballo	3.96	3.82	3.91	3.89	4.17	4.37
Accesibilidade da guía docente:	4.25	4.14	4.28	4.09	4.44	4.56
A guía docente é comprensible e detallada	4.17	4.01	4.14	3.80	4.41	4.39
Coordinación entre profesores	3.98	3.86	4.03	3.61	4.32	4.26
Condicións en que se desenvola a docencia (equipamentos, espazo,...)	4	3.86	3.98	3.71	4.27	4.25
Planificación da materia por parte do profesorado	3.81	3.71	3.90	3.66	4.24	4.09
Desenvolvemento da ensinanza	3.90	3.83	3.98	3.74	4.27	4.10
Satisfacción co profesorado:	3.97	3.84	4.07	3.80	4.25	4.10
TOTAL	3.90	3.66	3.98	3.74	4.26	4.10

Como se pode observar, os resultados son moi satisfactorios.

En relación co **Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas**, no se dispón de datos.

En relación ao **registro de QSPs**, non se recibiu ningunha queixa relacionada coa organización e desenvolvemento da ensinanza.

Puntos débiles detectados:	Accións de mellora a implantar:
<ul style="list-style-type: none"> • O Grao de satisfacción do alumnado do PCEO coa planificación e o desenvolvemento da ensinanza é baixo, pero o alumnado realizou unha sola enquisa para ambas titulacións (Dereito e ADE). • O alumnado de 1º curso non participa activamente no PAT. • Tras a modificación do regulamento de Traballo de Fin de Grao e a normativa para a realización do Traballo de Fin de Mestrado, aprobadas polo consello de Goberno da universidade o día 13 de novembro de 2018, é necesario analizar a viabilidade da avaliación e cualificación dos traballos de fin de Grao/Mestrado por un sistema de tribunal unipersonal. • O número de alumnos que participan en programas de mobilidade no Centro é baixo. • Detectouse que nalgúns guías docentes non se indica claramente como se avaliará aos alumnos non asistentes na primeira opción ou na segunda opción e fin de carreira. • Nas guías non se indican as competencias que se avalían e resultados de aprendizaxe para o alumnado non asistente na primeira opción e para a segunda opción e Fin de Carreira • A aplicación DOCNET non avisa ao coordinador do título cando unha guía é modificada. • Non existe un mecanismo de asignación de tutores para o Traballo de fin de Mestrado. • Non existen táboas de equivalencia das materias do Grao en Dereito cursadas nas universidades de Santiago de Compostela e da Coruña obxecto de recoñecemento na Facultade de Dereito da Universidade de Vigo que faciliten o recoñecemento de materias entre as tres universidades. • No se dispón de datos sobre o número de profesores Erasmus que recibe o centro. 	<ul style="list-style-type: none"> • Enviar un escrito á área de Calidade solicitando que o alumnado do PCEO cubra dúas enquisas de satisfacción separadas, unha para cada titulación: ADE – Dereito. • Prantexar ao alumnado do PAT a posibilidade de crear un grupo de Whatsapp integrado polo alumnado tutorizado e o estudiante-tutor. • Celebrar unha reunión inicial nos primeiros días do curso con todo o alumnado e o profesorado para que este se presente ao alumnado e os alumnos. • Crear un formulario web para o cuestionario de satisfacción do PAT (IV-A “Cuestionario final de satisfacción do alumnado”) anónimo. • Recadar información que permita mellorar a participación do alumnado en futuros cursos académicos Preguntar ao alumnado que temas lles gustaría que se tratases no PAT. • Ofrecer a posibilidade de presentación de propostas articuladas e motivadas de modificación do Regulamento para elaborar o Traballo de fin de Grao en Dereito e/ou do Regulamento para realizar o Traballo de fin de Mestrado da Facultade de Dereito para a súa toma en consideración pola Xunta de Facultade. • Fomentar a participación nos Programas de mobilidade, tanto nacionais como internacionais, dos alumnos do PCEO ADE-DEREITO. • Incluír en todas as guías docentes, no apartado "Outros comentarios" (dentro do paso 7: Avaliación), os seguintes tres apartados: <ul style="list-style-type: none"> 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA ASISTENTES 1ª EDICIÓN DE ACTAS 2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA NON ASISTENTES 1ª EDICIÓN DE ACTAS 3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 2ª EDICIÓN DE ACTAS E FIN DE CARREIRA • Incluír en todas as guías docentes, no apartado "Outros comentarios" (dentro do paso 7: AVALIACIÓN), as competencias que se avalían e resultados de aprendizaxe para o alumnado non asistente na primeira opción e para a segunda opción e Fin de Carreira. • Solicitar que se modifique a aplicación DOCNET para que avise cando unha guía é modificada, e non enviada, ao coordinador do título. • Definir un mecanismo de asignación de tutores para o Traballo de fin de Mestrado. • Elaboración de táboas de equivalencia das materias do Grao en Dereito cursadas nas universidades de Santiago de Compostela e da Coruña obxecto de recoñecemento na Facultade de Dereito da Universidade de Vigo. • Establecer un procedemento de rexistro do número de profesores de outras universidades que realizan estancias no centro.

Evidencias nas que basea a valoración:

- E1: Memoria vixente do título
E2: Informes de verificación, modificación, seguimiento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora
E3: Perfil de ingreso do alumnado(Grao)
E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
E6: Listaxe de estudiantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

- I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescripción
I2: No caso de Mestrado, número de estudiantes de novo ingreso por titulación de procedencia
I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudiantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudiantes que participan en programas de mobilidade e estudiantes matriculados,...)
I09(2)-DO: Estudiantes estranxeiros
I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.
I01-AC: Nota media de acceso
I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
I02-AC: Ocupación
I03-AC: Preferencia
I03(2)-AC: Adecuación

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa disponible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Toda a información esencial referida aos Títulos (Denominación, Centros onde se imparte título, número de créditos e duración do título, tipo de ensinanza, número de prazas de novo ingreso que se ofertan, idiomas en que se imparte o título, condicións de acceso e admisión, competencias, metodoloxía docente, etc.) atópase publicada e está accesible na páxina web do Centro: <http://dereito.uvigo.es/gl/estudos>

Esta información proporcionada ao alumnado e ás persoas interesadas en xeral, vaise actualizando e perfeccionando en función das necesidades que paulatinamente se van observando en cada curso académico.

A xestión das páxinas web fai-se de acordo co Plan de información pública, que ten como obxectivo garantir que a información relevante das titulacións está disponible de forma pública, accesible e actualizada para os distintos grupos de interese e que cumpla os requisitos establecidos tanto polo propio centro, como polos programas de calidade da Universidade de Vigo e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG). En concreto, proporcionase información ao estudiante, antes de elixir os estudos a cursar e, tamén, cando xa se matriculou. Ademais, búscase a máxima transparencia e mellorar a accesibilidade dos distintos grupos de interese á información sobre as titulacións.

O Plan recolle os diferentes medios de difusión empregados polo Centro, así como toda a información que se publica a través dos mesmos. Así mesmo, móstrase a periodicidade á hora de revisar a información, e os responsables en cada caso.

GRAO DE SATISFACCIÓN COA INFORMACIÓN PÚBLICA

A satisfacción xeral dos distintos colectivos coa Información e transparencia neste curso é a seguinte:

Alumnado

Grao en Dereito	3,60
PCEO ADE-Dereito	2,77
Mestrado Avogacía	3,79,

Profesorado	NON PROCEDE
--------------------	----------------

Pessoas Tituladas

Grao en Dereito O03G080V01	3,82
Grao en Dereito O003GO81V01	3,42
Mestrado Avogacía	2,33

Analizando os ítems das enquisas de satisfacción de cada colectivo e titulación, entre os tres mellores valorados están os seguintes relativos á Información e transparencia:

Items mellor valorados polo alumnado:Grao:

- 7 A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web (3,92)
 8 A utilidade da información sobre a titulación publicada na web (3,75)

Mestrado Avogacía

- 7: A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web (4)
 8: A utilidade da información sobre a titulación publicada na web (3.97)

Items mellor valorados polas persoas tituladas:Grao en Dereito (O03G081V01)

- 8: A accesibilidade da información para as persoas tituladas no portal da Universidade (3.83)

Entre os tres peor valorados dentro de cada colectivo e titulación, están os seguintes relativos á Información e transparencia:

Items peor valorados polas persoas tituladas:Mestrado en avogacía

- 9: A utilidade da información para as persoas tituladas publicada no portal da Universidade (2)
 8: A accesibilidade da información para as persoas tituladas no portal da Universidade (2,67)

Polo tanto, pódese considerar que a información pública recollida na web e a transmitida por outros soportes/medios dende a Facultade é exhaustiva, adecuada e completa.

Os peores valores obtéñense con respecto o Mestrado en avogacía, en relación a información publicada no portal da Universidade polo que se propón enviar un escrito a área de Calidade solicitando que se mellore a utilidade e accesibilidade da información para as persoas tituladas no portal da Universidade.

En relación ao **registro de QSPs**, non se recibiu ningunha queixa relacionada coa Información e transparencia.

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
<ul style="list-style-type: none">Os ítems peor valorados nas enquisas de satisfacción, dentro do bloque “Información e transparencia”, corresponden coa valoración da utilidade e accesibilidade da información para as persoas tituladas no portal da Universidade.Debido a entrada en vigor da nova lei de protección de datos, xa non é posible remitir correos electrónicos ao alumnado e titulados sen o seu consentimento previo.	<ul style="list-style-type: none">Enviar un escrito á área de Calidade solicitando que se mellore a utilidade e accesibilidade da información para as persoas tituladas no portal da Universidade.Facer uso de redes sociais como Instagram para divulgar información do centro e titulacións entre o alumnado e os titulados.
Evidencias nas que se baseou a valoración: E6: Página web do título/centro/universidade R1-DO0301P1: Plan operativo de información pública QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.	

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidad formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Centro posúe dende o ano 2015 o certificado de implantación do Sistema de Garantía de Calidade vixente ata o mes de xullo de 2021. Por tal motivo, o Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade constitúe unha ferramenta estratéxica básica para alcanzar unha mellora continua da Facultade e das súas titulacións. Así, no marco do programa FIDES-AUDIT, que desde 2007 guiaba aos centros no seu labor de integración de todas as actividades relacionadas coa garantía da calidade dos ensinos, a Facultade, en estreita colaboración coa área de Calidade da Universidade de Vigo, deseñou e aprobou o seu sistema de garantía de calidade. A Facultade conseguiu a Certificación FIDES-AUDIT por parte da ACSUG con data 26 de abril de 2010 (certificado nº 48/10).

Como continuación ao proceso iniciado en 2007 de deseño do SGC, a ACSUG, ANECA e UNIBASQ consideraron abrir en 2013 un proceso de avaliación do deseño dos SGC e de certificación da súa implantación nos centros que se acollesen a aquel programa. O sometemento a este proceso de certificación ten un carácter voluntario para os centros.

A Facultade de Dereito cursou, con data 15 de decembro de 2013, a solicitude para someterse á devandita avaliación, así como ao proceso de certificación de implantación do seu SGIC. Nun primeiro Informe da Auditoría externa inicial para a certificación da implantación do SGIC, tras examinar minuciosamente as alegacións presentadas polo centro ao Informe provisional, o equipo auditor concedeu un prazo de seis meses para avaliar a forma coa que se iniciou o tratamento das non conformidades detectadas tal e como estas se describiron no plan de acción de melloras proposto polo centro. Finalizado o prazo, procedeu a unha nova revisión documental para emitir o Informe definitivo de auditoría da implantación do SGIC. Coa realización desta segunda revisión documental, que se completou cunha visita ao centro de medio día o 2 de xuño de 2015, a Facultade obtivo o distintivo de calidade: a certificación da implantación do seu SGIC. O proceso terminou cun relevante Informe de Auditoría externa inicial para a certificación da implantación do SGIC, no que a ACSUG, reiterando a valoración favorable xa anticipada polo equipo auditor no informe oral o propio día 2 de xuño, e de forma pouco usual, destacou dez fortalezas, vinte e oito conformidades e só catro non conformidades menores, así como catro oportunidades para a mellora -tres delas substancialmente reiterativas das non conformidades-. A certificación da implantación do SGC do centro o 23 de xullo de 2015 (certificado nº 05/15), así como o informe, converten á Facultade de Dereito nestes momentos nun dos centros más destacados na xestión da calidade dentro do Sistema Universitario de Galicia. As fortalezas destacadas no Informe final de Auditoría externa inicial para a certificación da implantación do SGIC, de 23 de xullo de 2015, revelan o esforzo da Facultade pola mellora continua das súas titulacións e do propio centro, e na xustificación do informe, o equipo auditor pon de manifesto que o funcionamento global do SGC desta Facultade oriéntase á mellora continua da formación que ofrece aos seus estudiantes.

Tal e como se establece na guía publicada pola ACSUG, é pertinente a realización do seguimento da certificación ao transcurso de tres anos desde a súa obtención. Polo tanto, para levar a cabo este seguimento, o longo do curso 2017/2018 elaborouse o Informe de seguimento da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Dereito que comprende os seguintes apartados:

- Informe de seguimento das accións de mellora comprometidas no proceso de certificación do SGIC e recollidas no informe final de certificación
- Informe de cambios no SGIC desde a súa certificación
- Anexo - Evidencias documentais.

Dito informe foi validado pola Comisión de Calidade na súa reunión do 6 de xullo de 2018, foi aprobado na Xunta de Facultade de 9 de xullo de 2018, e enviado á ACSUG o 11 de xullo do 2018.

En seguimento do Plan de Propostas de Mellora presentado no proceso de certificación do sistema de calidade e recollidas no informe final de certificación, a ACSUG emitiu o 20 de novembro de 2018 un informe no que se indica que as accións de mellora “están a desenvolverse correctamente”. A única non conformidade menor que depende do centro e está só parcialmente pechada é que se refire á actualización e modificación das metas asociadas aos obxectivos de calidade, ao seguir parte delas por baixo dos cocientes previamente alcanzados. As outras dependen da área de calidade e refírense aos procedementos de persoal e de xestión de recursos materiais. En ambos os dous casos, indícase que si existen evidencias de que a Comisión de Calidade e a Facultade de Dereito abordan as cuestións tal e como se precisa pero non están ben definidas nos procedementos de calidade. Dentro deste informe de revisión pola dirección analizaranse as non conformidades menores non completamente realizadas para formular as accións de mellora mais oportunas.

Tras a renovación da acreditación dos títulos de Mestrado universitario en avogacía e Graduado/a en Dereito, e á vista dos resultados obtidos, dende a Facultade de Dereito de Ourense, a través da Universidade de Vigo, solicitouse a acreditación do centro, que foi estimada pola “Resolución de 28 de enero de 2019, del Consejo de Universidades, en relación con la acreditación institucional del/la Facultad de Derecho (32016479) de la Universidad de Vigo”, que declara a acreditación institucional da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo. A acreditación institucional terá, para o centro acreditado, os efectos previstos no artigo 27 ter, do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais. A acreditación que se declara deberá renovarse antes do transcurso de cinco anos contados a partir da data da presente resolución. Polo tanto, a acreditación institucional da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo, mentres manteña os seus efectos, permitirá renovar a acreditación das titulacións oficiais que imparta o centro sen necesidade de someterse ao procedemento xeral. As titulacións oficiais incorporarán como data de renovación da acreditación no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos o 28 de xaneiro de 2019.

Das catro non conformidades menores (ncm) e as catro oportunidades para a mellora (PM) que se inclúian no plan de accións de mellora do informe de auditoría da certificación da implantación do SGIC, a ncm1 e a PM 1, ambas as dúas relativas á composición da comisión de calidade, e dependentes do centro considéranse pechadas. Tamén declarase totalmente pechada a PM 4, que recomendaba que a aplicación informática que xestionava o SGC da Facultade fose máis amigable e intuitiva para que o seu uso puidese simplificarse. O centro suple este aspecto cunha páxina web con información clara e actualizada sobre todos os aspectos relacionados co SGC.

Quedan outras dúas ncm, e as correspondentes propostas para a mellora, cun peche parcial e unha ncm aberta. Delas, a única que depende do centro e non está totalmente pechada é a relativa á non actualización nin modificación das metas asociadas aos obxectivos de calidade, ao seguir parte delas por baixo dos cocientes previamente alcanzados. As outras dependen da área de calidade e refírense aos procedementos de persoal e de xestión de recursos materiais. En ambos os dous casos indícase que si existen evidencias de que a Comisión de Calidade e a Facultade de Dereito abordan as cuestións tal e como se precisa pero non están ben definidas nos procedementos de calidade.

Peché parcial:

- ncm2 y PM (2) -Aínda que o centro conta cun programa de obxectivos propio, de acordo coas súas liñas estratéxicas, en relación aos obxectivos de calidade xerais establecidos de maneira conxunta para os centros da Universidade de Vigo e assumidos por estes, evidénciase que algúns deles estableceronse por baixo dos cocientes previamente alcanzados por este centro:- onde o informe de seguimento do plan de melloras da certificación indica que: "si ben se evidencia que o centro analizou a situación con detalle no Informe de Seguimento, non se actualizaron ni se modificaron as metas asociadas aos obxectivos de calidade, seguindo parte delas por debaixo das ratios previamente alcanzados".

Como nos precedentes informes de revisión do sistema pola dirección, avaliarase o Grao de consecución dos obxectivos de calidade durante o curso 2017/2018 a fin de comparar, desde unha perspectiva histórica, os datos obtidos dos indicadores cos datos dos cursos anteriores e, en resposta a esta non conformidade, neste informe de revisión analizarase, tamén como nos precedentes informes, a posibilidade de revisar as metas propostas para o curso 2018-19, se realmente se aprecia que nalgún dos ítems foise extremadamente cauto e pouco ambicioso.

- ncm3 y PM (3) -Non se evidencia nin o despregamento nin unha correcta implantación dos procedementos relativos ao persoal docente e investigador e ao persoal de administración e servizos áínda que a Comisión de Garantía de Calidade do centro aborde tales cuestións.-: onde se fai referencia aos novos procedementos de xestión de PDI e PAS implantados no curso 17/18: "PE01-P1 Xestión PAS" e "PE02-P1 Xestión do PDI". En concreto respecto dos procedementos de xestión do PDI, no informe de seguimento do plan de melloras da certificación recoñécese que os procedementos foron substituídos polos novos procedementos estruturais indícase o seguinte "Si ben a proposta de dotación de prazas non está no ámbito nin da Comisión de Calidade nin da Facultade de Dereito, este non debería servir de escusa para que non se analice esta cuestión por parte da Comisión de Calidade e que esta envíe a quien corresponda a súa análise e suxerencias. [...] Débese indicar aquí que si existen evidencias de que a Comisión de Calidade e a Facultade de Dereito abordan esta cuestión tal e como se precisa pero a nova definición do procedemento PE02-P1 no ten en conta esta actuación". Por outra banda, afirma o informe que dentro dos obxectivos de calidade do Centro están o de mellorar a cualificación do PDI en termos do número de doutores ou do número de sexenios. Sen embargo, estes indicadores non se tratan dentro do procedemento PE02-P1". Por todo iso, o informe de seguimento entende que en futuras revisións do SGC, débese prestar especial atención á adecuada definición destes procedementos e á análise do seu funcionamento por parte do SGC do propio centro, especialmente en relación cos seus obxectivos de calidade.

Aberta:

- ncm4 e PM (3) -Non se evidencia unha correcta implantación do procedemento da xestión dos recursos materiais áínda que o centro creou un documento interno para a xestión dos recursos materiais que suple dita carencia-: fai referencia a que non se evidencia unha correcta implantación do procedemento PA07 respecto da xestión dos recursos materiais. Afirma o informe que segue sen aprobarse o novo procedemento por parte da Universidade de Vigo), áínda que recoñece que se evidencian actuacións, por parte do centro, dirixidas a garantir a correcta xestión dos recursos materiais.

Estas dúas últimas non conformidades non dependen directamente do Centro senón da Área de Calidade. Propónse, como accións de mellora o envío de dous escritos a dita área solicitando a actualización destes procedementos. Sen prexuízo da necesidade de instar a Área de calidade a que modifique os procedementos de persoal e recursos materiais coas directrices indicadas, para que atribúa á comisión de calidade as competencias que correspondan e poidan pecharse as non conformidades menores e a oportunidade para a mellora, namentres, a comisión de calidade continuará recollendo evidencias e analizando información relevante e propondo accións para a mellora continua ou formulando propostas e dándollels oportuno traslado aos órganos de goberno da Universidade de Vigo competentes na materia. En concreto, información sobre necesidades de PDI e de PAS e sobre os seus resultados a través das queixas e suxestións que se reciban, das enquisas institucionais sobre a avaliación de satisfacción do PDI coas titulacións, das enquisas de avaliación docentes, de reunións de coordinación ou de reunións da propia comisión. E información sobre necesidades de recursos materiais e servizos e sobre os seus resultados a través dos formularios anexos ao procedemento vixente, as queixas e suxestións que no seu caso se reciban, a valoración das enquisas institucionais sobre a avaliación de satisfacción do PDI coas titulacións, das enquisas de avaliación docentes, de reunións de coordinación ou de reunións da CGC.

Para obter a acreditación institucional de centros de universidades públicas e privadas, os apartados 2 e 3 do artigo 14 do Real Decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios, requiren o cumprimento de dous requisitos:

1. Renovar a acreditación inicial de polo menos a metade dos títulos oficiais de Grao e Mestrado que imparten, de acordo ao procedemento xeral previsto no artigo 27 bis do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, salvo se un título, ou máis, impártese en varios centros da mesma universidade. Nese caso, esíxese renovar tamén a acreditación do título ou títulos en cuestión, conforme ao Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro.
2. E contar coa certificación da implantación do seu sistema de garantía interno de calidade, orientado á mellora continua da formación que se ofrece aos estudiantes, de acordo co establecido no apartado 9 do anexo I do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e conforme os criterios e directrices para garantir a calidade no Espazo Europeo de Educación Superior.

A Facultade de Dereito de Ourense, con dous títulos que se imparten en varios centros da Universidade de Vigo (o título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo, impartido nas Facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo e o de Mestrado universitario en avogacía, adscrito ás Facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo e impartido nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo) cumpre ambos os dous requisitos.

O 23 de xullo de 2015 obtivo a certificación da implantación do seu sistema de garantía de calidade. E, en canto á renovación da acreditación inicial de polo menos a metade dos títulos oficiais de Grao e Mestrado que se imparten no centro, de acuerdo ao procedemento xeral previsto no artigo 27 bis do Real Decreto 1393/2007, ao ser os dous títulos impartidos en varios centros da Universidade de Vigo, é preciso obter a renovación da acreditación de ambos. O 22 de xullo de 2016 o Mestrado universitario en avogacía obtivo informe final de avaliación para a renovación da acreditación favorable e o 23 de xuño de 2017 a ACSUG emitiu un informe final de avaliación favorable á renovación da acreditación do título de Graduado e Graduada en Dereito pola Universidade de Vigo.

De acordo co artigo 14.1 do Real Decreto 420/2015, a Universidade de Vigo solicitou a acreditación institucional da Facultade de Dereito á ACSUG, como órgano de avaliação externa da comunidade autónoma en cuxo territorio se establece a universidade, que emitiu un informe de avaliação vinculante para o Consejo de Universidades.

O Consejo de Universidades é o órgano competente para ditar a resolución de acreditación, que se ha de enviar á universidade, á Comunidade Autónoma e ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para os efectos da inscripción dos centros acreditados no Rregistro de Universidades, Centros e Títulos.

Mediante Resolución de 28 de xaneiro de 2019, do Consejo de Universidades, en relación coa acreditación institucional da Facultade de Dereito (32016479) da Universidade de Vigo (http://dereito.uvigo.es/images/docs/calidad/sgic/Acreditacion_institucional_facultade_dereito.pdf), o Consejo de Universidades declara a acreditación institucional da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo. A acreditación institucional, que deberá renovarse antes do transcurso de cinco anos contados a partir da data da presente resolución, terá, para o centro, os efectos previstos no artigo 27 ter, do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

Polo tanto, a acreditación institucional da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo, mentres manteña os seus efectos, permitirá renovar a acreditación das titulacións oficiais que imparta o centro sen necesidade de someterse ao procedemento xeral. As titulacións oficiais incorporarán como data de renovación da acreditación no Rregistro de Universidades, Centros e Títulos o 28 de xaneiro de 2019.

É necesario engadir que, dado que as dúas titulacións que imparte o centro, títulos que se imparten en dous centros da Universidade de Vigo – a Facultade de Dereito e a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo-, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC precisan dunha coordinación mínima en todos os centros participantes no programa formativo. Dita coordinación se desenvolve a través de reunións periódicas da Comisión de Coordinación do Grao, na que participan os/as Decanos/as de ambos os dous centros, así como os/as coordinadores/as de Grao, coa posibilidade de intervención de outros participantes, como o/a vicedecano/a de calidade. E, no Mestrado, a través de Comisión de Coordinación do Mestrado , na que participan os/as Decanos/as de ambos os dous centros e dos tres colexios profesionais que colaboran na impartición do Mestrado (ou as persoas nas que deleguen), así como os/as coordinadores/as académicos do Mestrado en cada Facultade e os secretarios das comisións académicas, tamén coa posibilidade de intervención doutros participantes.

A existencia de comisións académicas, comisións de calidade e docentes diferentes e a colaboración, no caso do Mestrado, en cada centro de impartición de colexios de avogados diferentes xustifica que a coordinación se vincule ao respecto á memoria do título, que é única para toda a titulación

Nas **enquisas de satisfacción do alumnado** os valores obtidos para o bloque relativo ó SGC son:

Grao en Dereito	2.96
PCEO	1.80
Mestrado en Avogacía	3.57

O peor dato corresponde ao alumnado do PCEO pero non é posible analizar as causas que poden influír dado que os estudiantes responden a unha única enquisa para as titulacións de Dereito e ADE. Como xa se comentou anteriormente, solicitarase á área de Calidade que os alumnos do PCEO cubran unha enquisa para cada unha das titulacións que cursan.

Para o Grao e o Mestrado os resultados alcanzados son axeitados e non se considera necesario tomar ningunha medida.

Nas **enquistas de satisfacción das persoas tituladas**, os valores obtidos para o bloque relativo ó SGC son:

Grao en Dereito G080	3.80
Grao en Dereito G081	3.33
Mestrado en Avogacía	3.33

Dado que os resultados alcanzados son altos, non se considera necesario tomar ningunha medida.

Puntos febles detectados:

- No procedemento PE02-P1 non se determina o papel da Comisión de Calidade na análise das necesidades do PDI no relativo á suficiencia e adecuación do persoal
- Non se evidencia unha correcta implantación do procedemento PA07 respecto á xestión dos recursos materiais.
- Necesidade de analizar as metas asociadas aos obxectivos de calidade, co fin de actualizar ditas metas.

Accións de mellora a implantar:

- Enviar un escrito á área de Calidade solicitando que se actualice o procedemento PE02-P1 para que conteemple a análise das necesidades estruturais do PDI: necesidades de dotación de prazas e cualificación do PDI, por parte da Comisión de Calidade.
- Enviar un escrito á área de Calidade solicitando que se actualice o procedemento PA07.
- Valorar a posibilidade de actualizar as metas asociadas aos obxectivos de calidade

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunión celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudiante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquistas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudiantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

PROFESORADO

A contratación do profesorado nos distintos departamentos adscritos á Facultade réxese polo Regulamento de Profesorado da Universidade de Vigo, que atribúe competencias aos departamentos e non aos centros para elaborar as propostas de asignación das novas prazas do profesorado ás áreas de coñecemento que os conforman:

http://seixerla.uvigo.es/opencms/export/sites/seixerla/sites/default/microsites/sxerla/Normativa/Uvigo/reg_profesorado.pdf.

No que respecta ao Grao de suficiencia do PDI para desenvolver as funcións e atender aos estudiantes, ha de terse en conta que o Grao en Dereito encádrase no marco legal da Planificación Docente Anual (PDA) e do Plan de Ordenación Docente (POD) da Universidade de Vigo, xa que se trata dunha titulación oficial con repercusión en POD, polo que as condicións en canto ao tamaño dos grupos e á dedicación do profesorado son as formalmente fixadas no devandito plan.

O Grao de Dereito conta no curso 2017/2018 cun total de 53 profesores dos cales 36 son profesores a tempo completo da Universidade de Vigo e 17 é profesorado a tempo parcial.

O detalle, por categorías académicas do profesorado que imparte docencia no Grao e no Mestrado é o seguinte:

Titulación	Categoría Laboral	Non doutores	Doutores	Total
Grao 54 docentes	Non Aplicable	7		7
	Profesor/a titular de escola univer.	1		1
	Catedrático/a de universidade		1	1
	Profesor/a asociado/a T3	17		17
	Profesor/a titular de universidade		14	14
	Profesor/a contratado/a doutor/a		9	9
	Catedrático/a de escola univer.		1	1
	Profesor/a contratado/a interino/a	2		2
	Contratado/a predoutoral Xunta	1		1
	Contratado/a FPU	1		1
Mestrado en Avogacía 41 docentes	Non Aplicable	25		25
	Catedrático/a de universidade		1	1
	Profesor/a titular de universidade		9	9
	Profesor/a contratado/a doutor/a		4	4
	Catedrático/a de escola univer.		1	1

Cabe destacar que o 48.15% do profesorado universitario que imparte docencia no Grao é profesorado estable.

Pola súa parte, o Mestrado en Avogacía tiña no curso 2017/2018 un total de 40 profesores dos cales 15 son profesores a tempo completo da Universidade de Vigo e 25 é profesorado externo (avogados), seguindo o indicado no artigo 4.3 da Lei de acceso en relación co artigo 13 do seu regulamento de desenvolvemento e coa cláusula terceira do Convenio entre a Universidade de Vigo e o ICA de Ourense, onde se indica que o persoal docente do Mestrado deberá ter unha composición equilibrada entre avogados e profesores universitarios, de forma que en conxunto ningún destes colectivos supere o 50% da docencia correspondente ao curso de formación.

Respecto á cualificación do profesorado, os datos relativos ó número de doutores e sexenios son os seguintes:

Indicadores de Seguimento		Meta fixada	<u>Resultado/s</u> <u>Curso 2017-2018</u>	<u>Resultado</u> <u>Curso</u> <u>2016-2017</u>	<u>Resultado</u> <u>Curso 2015-</u> <u>2016</u>
I02-PE	Cualificación do PDI (DOUTORES)	Grao en Dereito ≥ 25 doutores	25	26	26
		PCEO: ≥ 20 doutores	N.D.	N.D.	N.D.
		Mestrado Avogacía: ≥ 15 doutores	15	15	16
I03-PE	Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios)	Grao en Dereito ≥ 50 sexenios	62	59	54
		PCEO: ≥ 40 sexenios	N.D.		
		Mestrado Avogacía: ≥ 30 sexenios	37	26	21

Como se pode observar, o número de sexenios do profesorado e o número de profesorado doutor incrementase ou mantense más ou menos estable cada ano o que certifica a suficiencia docente e investigadora do profesorado. Ademais, en ambos casos se superan as metas fixadas para a titulación. Non se considera necesario propor accións de mellora.

PARTICIPACIÓN DO PDI EN PROGRAMAS DE FORMACIÓN

En canto ao número de profesores que participaron nestes programas de formación os datos son os seguintes:

Indicadores de Seguimento			Meta fixada	<u>Resultado/s</u> <u>Curso 2017-2018</u>	<u>Resultado</u> <u>Curso</u> <u>2016-2017</u>	<u>Resultado</u> <u>Curso 2015-</u> <u>2016</u>
I017(2)-PE	I6	Profesorado en programas de formación	Non hai meta	Grao en Dereito: 7	10	8
				Mestrado Avogacía: 2	5	1

Os resultados mostran que no último curso académico descendeu o número de profesores do título que participou en programas de formación, aínda que, o número é similar ao obtido no curso 2015/2016.

Aínda que o número de docentes que participa en programas de formación non resulta elevado, hai que ter en conta que boa parte da formación ofrécese durante o período lectivo ordinario, o que dificulta a participación do profesorado que normalmente está ao máximo da súa capacidade docente efectiva, e que un importante número de profesorado traballa a tempo parcial na universidade. Por outra parte, hai que sinalar que o número de cursos que se ofertan dende a Área de Formación e Innovación Educativa para o PDI descendeu ao longo deste curso e moitos dos cursos ofertados están dirixidos ao ámbito científico-tecnolóxico. Destacar tamén que durante o curso 2017/2018, por iniciativa da Comisión de calidade, implantouse un Curso de actualización xurídica, no que participan docentes e investigadores da Facultade de Dereito, con docencia no Grao en Dereito, no Plan Conxunto ADE-Dereito e, así mesmo, no Mestrado universitario en avogacía. Entre os seus obxectivos, están os de ofrecer unha formación multidisciplinar aos docentes e investigadores da Facultade de Dereito, que redundará na calidade da súa docencia e investigación; a súa actualización en temáticas xurídicas alleas ás especialidades de cada docente, pero, a miúdo, necesarias para a aproximación e análise de cuestiós complexas; o intercambio de información relativa a institucións ou réximes xurídicos polémicos, novidosos ou de actualidade; e a conformación de foros de debate e discusión. Dende o decanato solicitouse á Área de Formación e Innovación Educativa a inclusión deste curso como curso de formación permanente do PDI pero, dende dita área, denegouse a solicitude. Para o curso 2018/2019 volverá a insistirse na necesidade de recoñecer este curso dentro dos de formación do PDI.

Destacar que o Centro habilita todos os anos un mecanismo que permite ao profesorado manifestar o seu interese na realización de cursos de formación, que posteriormente poden ser organizados de forma específica para o profesorado.

PARTICIPACIÓN DO PDI EN PROGRAMAS DE MOBILIDADE

Por outra banda, os docentes do título participan en programas de mobilidade docente, habitualmente no marco de intercambio dos programas Erasmus. En concreto, os valores de mobilidade para os docentes do título en programas de mobilidade, son os seguintes:

Indicadores de Seguimento			<u>Resultado/s</u> <u>Curso 2017-2018</u>	<u>Resultado</u> <u>Curso</u> <u>2016-2017</u>	<u>Resultado</u> <u>Curso 2015-</u> <u>2016</u>
I10	Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade	Nº	Grao en Dereito: 4	7	3
			Mestrado Avogacía: 3	3	1
		%	Grao en Dereito: 7,41%		
			Mestrado Avogacía: 7,5%		

Como reflicten os datos, a participación dos docentes do título en programas de mobilidade é constante ao longo dos anos.

Esto valorase moi positivamente, tendo en conta que, pola carga docente especialmente intensa do profesorado do centro na propia Universidade de Vigo, a participación nestes programas de mobilidade supón un esforzo engadido do profesorado que reverte na calidade do título.

PORCENTAXE DE PROFESORADO DO TÍTULO AVALIADO POLO PROGRAMA DOCENTIA

- Este programa ten dúas vertentes diferenciadas e complementarias:
- A avaliación obligatoria anual, da que áinda non se dispón dos datos respecto do curso académico 2016/17.
- A avaliación quinquenal (que por agora é voluntaria) que abarca os anos 14-15, 13-14, 12-13, 11-12 e 10-11.

En canto á avaliación quinquenal, participaron 6 profesores/as (16,7% do total), dos cales, 3 obtiveron unha valoración de “Moi favorable” e 3 de “Favorable”.

Polo tanto, áinda que o porcentaxe de profesorado participante non resulta elevado, os resultados que alcanzaron son moi bons.

PARTICIPACIÓN DO PAS EN PROGRAMAS DE FORMACIÓN

O número de profesores que participaron en programas de formación son:

Indicadores de Seguimento		Meta fixada	<u>Resultado/s</u> <u>Curso 2017-2018</u>	<u>Resultado</u> <u>Curso</u> <u>2016-2017</u>	<u>Resultado</u> <u>Curso 2015-</u> <u>2016</u>
I017-PE	I7	Porcentaxe de PAS en formación	≥ 75%	82,49% (Indicador por Facultade)	57.89 %

Os resultados mostran que no último curso académico incrementouse o número de persoal de administración e servizos que participou en programas de formación, e supérase a meta establecida. Non se considera necesario propor accións de mellora.

Instada pola Xerencia a colaboración do PAS para elaborar o Plan de Formación do ano seguinte, o Centro habilita un mecanismo para identificar, coa colaboración do PAS e a partir da análise das competencias actuais e das expectativas futuras, necesidades de formación. Se se detectan, a comisión de calidade transmite as necesidades á Administradora. O persoal pode transmitir directamente as súas necesidades ao Servizo de PAS. O procedemento permite ao PAS manifestar o seu interese na realización de cursos de formación, que posteriormente poden ser organizados de forma específica para o PAS.

Polo demais, as competencias globais canto a detección de necesidades, o acceso (selección e contratación), a xestión da vida laboral, a eventual avaliación, a promoción e a formación continua do persoal de administración e servizos están centralizadas nos servizos centrais dependentes da Xerencia da Universidade de Vigo. Non obstante, con periodicidade anual, a comisión de calidade do centro analiza as necesidades de persoal do centro e, ten en conta: a suficiencia e adecuación do persoal, os compromisos das memorias de verificación das titulacións, a situación e os resultados das titulacións, os resultados de QSP do centro, e as necesidades actuais e futuras do centro.... Esta análise realizaase en paralelo coa análise e consolidación das necesidades de persoal que debe acometer a Administradora do Campus. De feito, a comisión de calidade solicita un informe á administradora e remite un escrito ao persoal de administración e servizos do centro solicitándolle que poña de manifesto as necesidades de persoal nos seus respectivos ámbitos. A análise da comisión de calidade trasládase á administración e á xerencia aos efectos oportunos -negociación e desenvolvemento dunha nova RPT-.

ANALISE DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN E DE AVALIACIÓN DOCENTE DO PROFESORADO

A satisfacción xeral dos distintos colectivos cos recursos humanos neste curso é a seguinte:

Enquisa	Recursos humanos	
Alumnado	Grao en Dereito	3,20
	PCEO ADE-Dereito	3,25
	Mestrado Avogacía	3,61
Profesorado	NON PROCEDE	
Pessoas Tituladas	Grao en Dereito 003G080V01	3,17
	Grao en Dereito 0003GO81V01	3,42
	Mestrado Avogacía	3,50

Analizando en detalle os ítems das enquisas de satisfacción relativos ós Recursos humanos (en comparación con todos os ítems da enquisa), atopamos que:

Un dos ítems **peor valorados** na enquisa de satisfacción realizada ao **alumnado do Grao** é:

12 A atención do persoal de administración e servizos do centro (3,20)

Sen embargo, ten un valor bastante alto polo que non se considera necesario adoptar ningunha medida.

Este mesmo ítem, é un dos **items que mellor valoraron os egresados do plan G081** cunha puntuación de 4.

E o mesmo sucede co **alumnado do Mestrado** que lle da unha puntuación de 3.67.

Sen embargo, é un dos ítems peor valorados polas **pessoas tituladas do plan G080**:

12: A cualificación do persoal de administración e servizos (2,50)

Dado que o plan vixente no Grao é o G081, onde se alcanzou unha valoración moi alta, xunto co Mestrado, non se considera necesario adoptar ningunha medida.

No relativo o **Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado (Enquisas de avaliação docente)** o valor alcanzado é alto: 3.90 e é superior o alcanzado no curso anterior (2016/2017): 3.83, polo que non se considera necesario adoptar ningunha medida.

Non se analizan os resultados das enquisas de satisfacción do PAS e PDI porque non se realizaron neste curso.

MEDIA DE ALUMNOS POR GRUPO DE DOCENCIA

Media de alumnos por grupo de docencia Grao en Dereito (Ver tabla)  INDICADOR I15.xlsx	Tamaño grupos A	38
	Tamaño grupos B	22
Media de alumnos por grupo de docencia Mestrado en Avogacía (Ver tabla)  INDICADOR I15.xlsx	Tamaño grupos A	18
	Tamaño grupos B	Non hai grupos B

COMPROMISOS DE CONTRATACIÓN DE PDI

Aínda que o procedemento de apoio do Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) da Facultade de Dereito PE-02 P1 "Xestión do PDI", ten por obxecto, en relación ao PDI, a identificación das necesidades de recursos humanos e de formación continua, para mellorar a súa calidade, o centro non ten competencias en materia de contratación de persoal. De feito, a finalidade do proceso vincúlase á formación do PDI, ao efecto de contribuír a través da avaliación e formación a garantir que o profesorado estea cualificado e sexa competente no seu traballo, e a mellorar os resultados de calidade dos centros e titulacións.

As actuacións concernentes á contratación do persoal académico e do persoal de administración e servizos están centralizadas, respectivamente e en esencia, na Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado e na Xerencia. Con todo, compete á Facultade de Dereito a aprobación da proposta da programación docente anual (PDA) co fin de distribuír en grupos docentes o número de horas asignado á titulación e previamente determinado polos órganos de goberno da Universidade, segundo os criterios de elaboración da PDA aprobados no Consello de Goberno para cada curso académico. Deste xeito, é o centro nas titulacións de Grao quen planifica os detalles de cada materia, aínda que condicionados polo cálculo das horas de profesorado empregadas na docencia presencial dos ensinos de Grao previamente determinadas segundo os criterios de elaboración da PDA aprobados para o correspondente curso académico.

Aprobada a PDA do centro, son os departamentos, atendendo ás materias e grupos aos que ten que impartir docencia nas diferentes titulacións en que participa, os que establecen as necesidades adicionais de profesorado, se as hai, ao obxecto de confeccionar o plan de organización docente (POD). Estas necesidades comunicánsen á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado coa finalidade de que, se o considera oportuno, propoña en Consello de Goberno a asignación de novo profesorado.

Sen embargo, a pesar da normativa actual na Universidade española, á política restritiva en materia de promoción e consolidación de profesorado e á existencia dunha taxa de reposición coñecida por todos, a Facultade de Dereito e, en particular, a Comisión de calidade non fixeron abandono das súas funcións en materia de política de profesorado nin de selección, formación, promoción e consolidación de PDI e PAS. Aínda sendo conscientes de que a responsabilidade decisoria nos procedementos de xestión do persoal transcende á competencia dos centros, da política restritiva en materia de promoción e consolidación de persoal e da existencia dunha taxa de reposición, a Facultade e a Comisión de calidade tratan de ser máis proactivas en materia de política de profesorado e de selección, formación, promoción e consolidación de PDI e PAS. Periodicamente, a Comisión de calidade remite aos órganos competentes da Universidade de Vigo varias propostas en relación coa contratación, consolidación e formación de PDI, a contratación e formación de PAS, a demanda de coordinación aos Departamentos para garantir a cobertura das necesidades dos servizos e os dereitos do alumnado e a petición de coordinación tamén á Comisión académica do Mestrado universitario en avogacía en temas de contratación de profesorado externo e para resolver problemas de docencia.

Entre estas accións podemos destacar as seguintes:

- Elaboración dun informe de docencia do curso 17-18 (onde se recollen as incidencias mais destacadas que xorden no desenvolvemento da docencia do Grao e PCEO) validado pola Comisión de Calidade na reunión ordinaria celebrada o 6 de xullo de 2018.
- Elaboración e envío dun escrito, á Vicerreitoría de Ordenación Académica e aos Departamentos implicados, pondo de manifesto as incidencias derivadas de carencias na dotación de profesorado estable na Facultade.

En relación ao **rexistro de QSPs**, non se recibiu ningunha queixa relacionada cos Recursos humanos.

Puntos febles detectados:

- No procedemento PE02-P1 non se determina o papel da Comisión de Calidade na análise das necesidades do PDI no relativo á suficiencia e adecuación do persoal
- Durante o curso 2017/2018 implantouse no centro un Curso de actualización xurídica co obxecto de ofrecer unha formación multidisciplinar aos docentes e investigadores da Facultade de Dereito, que non está recoñecido como un curso de formación do PDI.

Accións de mellora a implantar:

- Enviar un escrito á área de Calidade solicitando que se actualice o procedemento PE02-P1 para que contemple a análise das necesidades estruturais do PDI: necesidades de dotación de prazas e cualificación do PDI, por parte da Comisión de Calidade.
- Enviar un escrito á Área de Formación e Innovación Educativa solicitando a inclusión do curso “Actualización xurídica” como curso de formación permanente do PDI

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico (Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudiantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

RECURSOS MATERIAIS DIRECTAMENTE RELACIONADOS COS TÍTULOS

Na Facultade a docencia impártese en:

a) Aulas que contan con acceso a internet inalámbrico, ordenador para o profesorado e canón de proxección e tomas de corrente para permitir ao alumnado conectar os seus dispositivos portátiles.

b) Aulas dotadas cun equipo informático en cada posto, acceso a internet inalámbrico, ordenador para o profesorado e canón de proxección.

Para as tutorías, os docentes contan con despachos habilitados para ese efecto.

A Facultade pon a disposición do alumnado: sala de lectura, conexión a internet inalámbrica en toda a facultade, sala informática de libre acceso e consulta de bases de datos, máquinas fotocopiadoras, préstamo de computadores e cafetería.

A información sobre medios materiais atópase na web do Centro, no seguinte enlace:

<http://dereito.uvigo.es/gl/facultade/recursos-materiais-e-servizos>, onde se definen as instalacións e servizos a disposición do alumnado e do profesorado.

Tanto as infraestruturas como os recursos materiais postos a disposición do estudiantado e destinados ao proceso formativo son adecuados para a impartición dos títulos de Graduado/a en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía e coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación.

Sobre os servizos dispoñibles para a impartición da docencia é importante sinalar a utilidade da plataforma de teledocencia (FAITIC), a disposición do profesorado como ferramenta de apoio á docencia e medio para compartir documentos, probas, traballos, cualificacións, etc. co alumnado.

A coordinadora da xestión das prácticas externas comproba que as infraestruturas e as instalacións coas que contan as distintas institucións de destino reúnen as condicións necesarias para a adquisición das competencias por parte do alumnado.

FONDOS BIBLIOGRÁFICOS E MATERIAL DOCENTE

O estudiantado ten a súa disposición unha sala de computadores de libre acceso onde poden realizar actividades non presenciais, a biblioteca central do Campus onde se pode realizar gratuitamente a consulta de libros, e unha cantidade importante de materiais didácticos creados polo profesorado que contribúen de forma importante ao cumprimento do principio de igualdade de oportunidades.

Os fondos bibliográficos, recursos documentais, material docente, material complementario, etc. son suficientes e están actualizados (http://www.perseo.biblioteca.uvigo.es/search*spi).

No obstante, ante a falta de orzamento específico da biblioteca para a adquisición de fondos bibliográficos para docencia e investigación no ano 2019, elevouse a pertinente consulta para minimizar a repercusión da medida e solicitar que se habilitase a partida correspondente no orzamento da propia Facultade para poder adquirir material bibliográfico con cargo ao centro e poder inventariar na biblioteca as adquisicións.

O Director de administración remitiu unha nota técnica sobre o procedemento a seguir. Como acción de mellora ante esta eventualidade, proponse crear unha actividade no programa informático MUS a través de asuntos económicos dotando unha aplicación orzamentaria concreta co diñeiro que podamos destinar á adquisición de fondos bibliográficos para docencia e investigación. A creación da actividade vinculará o diñeiro a ese labor. Por iso, e debido a que é o primeiro ano que se fará, trataremos de dotar a partida cun diñeiro que, na medida do posible, poida atender o gasto que, tradicionalmente, se ven facendo desde o centro para adquisición de bibliografía para docencia e para investigación. Aínda que, segundo a nota técnica, a decisión do importe que se destine á adquisición de libros corresponde ao director/a do centro, a proposta se levará á Comisión de calidad e á Comisión Permanente, na que se delegou a competencia pola Xunta de Facultade. Creada a actividade e o reparto, remitirase un correo ao profesorado informándolle do orzamento que dispón cada área e establecendo unha data tope para o gasto (probablemente o 30 de setembro), a fin de que o diñeiro que non se gaste por algunas áreas poida reverter nas que esgotasen o seu orzamento ou no centro. A proposta será asignar unha cantidade por área para investigación (unha parte fixa e outra parte variable por PDI a tempo completo na Facultade –nada por PDI a tempo parcial pois a investigación non está nas súas tarefas-) e outra parte global para docencia. Eliminaranse, en principio, as peticións da biblioteca (alumnos, PAS e usuarios externos), que deberán facerse a través das áreas de coñecemento, salvo que houbese algúm remanente a partires do 30 de setembro e sempre que sexa bibliografía de docencia ou investigación. Esa mesma data utilizarase tamén para o orzamento repartido ás áreas da partida de mobiliario e equipamento.

SERVIZOS DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROGRAMAS DE ACOLLIDA

O Plan de acción titorial (PAT) configúrase como o instrumento a través do cal se deseña o contido e a execución das distintas accións relativas á titoría universitaria para as titulacións de Grao e Mestrado do centro. Préstaselle especial atención aos estudiantes de novo ingreso, de cara a favorecer a súa integración na vida universitaria e a atender as súas necesidades formativas e informativas, e ós que están a finalizar os seus estudos.

O PAT supón apostar por un modelo educativo no que conflúen xunto coa vertente académica, orientada á transmisión de coñecementos, funcións socioeducativas, máis centradas no desenvolvemento persoal do/a estudiante e baseadas en relacións mutuas e interaccións titor/a-alumno/a, alumno/a-alumno/a etc. Preténdese, así, ir consolidando unha liña de acción titorial coherente coas necesidades do estudiantado, que normalice as distintas accións e consiga un idóneo equilibrio entre as expectativas do alumnado e os obxectivos que se expoñen no marco do espazo europeo de educación superior.

Neste sentido, é importante destacar algún dos principios recollidos dunha forma ampla tanto no sistema de garantía de calidade da Facultade de Dereito como nas memorias dos seus títulos e que este plan trata de garantir: a adecuación dos métodos de ensino, aprendizaxe e avaliación, a adquisición de competencias do alumnado, a atención á diversidade, a orientación á aprendizaxe, a procura dunha igualdade de xénero...

No PAT da Facultade, entre as actuacións de titorización na titulación de Grao en Dereito, inclusive a simultaneidade ADE-Dereito, prevense as seguintes:

Actuacións de organización: O equipo decanal e os coordinadores/as informarán ó profesorado e as distintas persoas implicadas no PAT coa finalidade de realizar a distribución definitiva das distintas accións, do alumnado e dos horarios entre os tutores/as, os tutores/as-estudiantes, as aulas de atención etc.

Actuacións de acollida:

- Curso Cero: curso para o novo estudiantado de 1º curso destinado a facilitar ó alumnado o tránsito e adaptación á contorna universitaria, presentar as materias do Grao en Dereito e dar a coñecer os recursos e ferramentas dos que dispoñen na Universidade de Vigo e, en concreto, na súa Facultade.
- Acto de presentación de materias para o alumnado de todos os cursos
- Curso 3.5 de Orientación académica: curso para os estudiantes de 3º curso destinado a facilitar a continuidade da súa formación universitaria a través de estudios de Mestrado e o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral, presentar información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de Grao, e dar a coñecer os recursos e ferramentas á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade.

Actuacións de apoio e seguimento:

- Accións co profesorado titor: o profesorado titor asesorará ó seu alumnado ao longo de todo o curso académico mediante a programación de polo menos dúas reunións anuais por iniciativa do propio titor/a co seu grupo de estudiantes, unha inicial para a detección de necesidades especiais e outra de seguimento ao longo do curso. O alumnado titor poderá participar nas reunións a petición do profesorado titor. Así mesmo, a titora ou titor poderá reunirse co alumnado en calquera momento do curso. O alumnado deberá solicitar unha reunión para concretar a data e a hora. O seguimento realizarase principalmente a través de pequenos grupos e nos casos que sexa necesario de forma individual. Para facilitar o seguimento establecerase un rexistro a través dunhas fichas de seguimento das reunións do grupo de estudiantes tutelado.
- Accións co alumnado titor: O alumno/a titor realiza unha sesión de presentación co grupo de estudiantado que titoriza. Facilitállles a súa dirección electrónica e outros datos de contacto coa finalidade de que o seu respectivo grupo de estudiantes se poida comunicar con el/ela no momento en que o precise.
- Actuacións de avaliación do Grao de satisfacción: o alumnado e o profesorado implicado no PAT cobren as encuestas de avaliação do Grao de satisfacción (anexos IV-A «Cuestionario final de satisfacción do alumnado» e IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a»). Así mesmo, as titoras e os titores informan ao coordinador/a da titulación das dificultades, incidentes, queixas, suxestións ou problemas detectados nas reunións mantidas co estudiantado.

Actuacións de carácter formativo:

- Ciclo de conferencias, seminarios e xornadas: trátase de accións formativas organizadas desde o centro e que complementan a formación do alumnado. Permitenlle ao estudiantado participar en contextos de aprendizaxe distintos á aula para potenciar a motivación e mellorar a integración na titulación e na facultade.
No punto A do apartado II.1.8. Outros datos (que queira resaltar o centro) deste informe detállanse as actividades formativas realizadas no centro ao longo do curso 2017/2018.

GRAO DE SATISFACCIÓN

A través das encuestas institucionais que se realizan anualmente ao profesorado e ao alumnado, recóllese, entre outros, o Grao de satisfacción destes colectivos cos recursos e servizos. Para o curso 17/18, os valores destes indicadores foron:

Enquisa		Recursos materiais e servizos
Alumnado	Grao en Dereito	3,50
	PCEO ADE-Dereito	3,66
	Mestrado Avogacía	3,79
Profesorado		NON PROCEDE
Pessoas Tituladas	Grao en Dereito O03G080V01	4,43
	Grao en Dereito O003GO81V01	3,58
	Mestrado Avogacía	3,64

Dende o punto de vista do **alumnado**, os máis valorados son os seguintes ítems:

Grao:

13 As aulas e o seu equipamento (3.62)

PCEO:

13: As aulas e o seu equipamento (4)

14: Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento (3.83)

15: Os espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudos, aulas de informática, biblioteca...) e o seu equipamento (3.58)

Mestrado en Avogacía:

15: Os espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudos, aulas de informática, biblioteca...) e o seu equipamento (3.91)

Dende o punto de vista dos **egresados**, os máis valorados son os seguintes ítems:

O03G080V01

13: As infraestruturas e os materiais dispoñibles (4.83)

15: Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi...) (4.67)

16: As xestións académicas (recoñecementos e transferencia de créditos, expedición do título...). (4.20)

O03G081V01

14: Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...) (4)

15: Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi...) (3.67)

Mestrado en Avogacía:

15: Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi...) (4.33)

14: Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...) (4)

Non existe ningún ítem dentro deste bloque de preguntas nas enquisas de satisfacción, en ningún dos colectivos, cunha puntuación baixa.

Se analizamos nas enquisas de avaliación docente as preguntas relativas a valoración do estudiantado cos recursos materiais proporcionados polo centro (espazo, equipamento, material, etc.) e os recursos proporcionados polo profesorado (bibliografía, materiais, recursos virtuais, exercicios,...) os resultados son os seguintes:

	Grao			Mestrado		
	2017/2018	2016/2017	2015/2016	2017/2018	2016/2017	2015/2016
Condicións nas que se desenvolve a docencia (equipamentos, espazo,...)	4	3.86	3.98	3.71	4.27	4.25
Recursos (bibliografía, materiais, recursos virtuais, exercicios,...) facilitados e recomendados polo profesorado	3.86	3.77	3.93	3.68	4.28	4.04

Como conclusión, o Grao de satisfacción do alumnado, reflexado tanto nas enquisas de satisfacción da titulación como nas enquisas de avaliación docente ten en xeral unha valoración moi positiva, o que refrenda a adecuación do profesorado e a calidade da docencia impartida tanto no Grao como no Mestrado.

Neste curso non se realizaron as enquisas de satisfacción ao PDI e PAS.

Informe sobre cooperación con institucións e empresas na materia “Prácticas Externas” no curso 2017-2018

A oferta formativa de prácticas externas para o curso 2017/2018, no Grao, foi de 32 prazas. Ditas prazas foron distribuídas do seguinte xeito:

Entidade (nº de prazas)	
Colexio de Procuradores de Ourense (2)	Concello de Barbadás (2)
Colexio Notarial de Galicia (2)	ADER Recursos Humanos ETT (1)
Confederación Hidrográfica Miño-Sil (2)	Centro Penitenciario Pereiro de Aguiar (1)
Deputación Provincial de Ourense (2)	Parlamento de Galicia (5)
Albino Ferreira Rivera (1)	Servizo Galego de Saúde (1)
ESEDE Avogados (1)	INGADE (1)
Ferro Ribadulla Avogados (2)	Pérez Rumbao (2)
Subdelegacion do Goberno (4)	

O Grao de satisfacción dos titulados do Grao (O03G080V01) no relativo á “A utilidade das prácticas académicas externas” é de 3.33.

O Grao de satisfacción dos titulados do Grao (O03G081V01) no relativo á “A utilidade das prácticas académicas externas” é de 3.20.

A oferta formativa de prácticas externas para o curso 2017/2018, no Mestrado, foi distribuída do seguinte xeito:

**OFERTA PRÁCTICAS EXTERNAS (24 ECTS)
CURSO 2017/2018**

DESPACHO	PRAZAS
ANA ISABEL ALVAREZ PRESAS (SANTIAGO)	1
FERNANDO BLANCO ARCE (FERRO ABOGADOS)	1
ESTHER ROJO MARTÍNEZ (ROJO Y GÓMEZ ABOGADOS)	1
MODESTO DE FRANCISCO REQUEIRO (VERÍN)	1
TEMES MONTÉS, JORGE	1
DAVID DE LEÓN REY	1
XOSÉ MANUEL PACHO BLANCO	1
ROSA MARÍA MERINO SUENGAS	1
JOSÉ MANUEL LOSADA DIÉGUEZ	1
RÚA ABOGADOS (CARBALLIÑO)	1
DIEGO VIDAL MENÉNDEZ-PONTE (AVCO & CO. MADRID)	1
EMILIO RODRÍGUEZ PRIETO (LUGO)	1
ANTONIO MORETÓN BRASA	1
ANA ISABEL GÓMEZ DÍAZ (GABINETE JURÍDICO GALIUS)	1
MARIANO GUNDÍN FERNÁNDEZ	1
RÚA ABOGADOS (CARBALLIÑO)	1
AMADINO PEREIRA FERNÁNDEZ (XURISGAL)	1
LUIS MANUAL SALGADO CARBAJALES	1

OFERTA PRÁCTICAS EXTERNAS BÁSICAS(6 ECTS)

DESPACHO	PRAZAS
ROSA MARÍA MERINO SUENGAS	1
PAULA GÓMEZ JUSTO	1
JOSÉ ARCOS ÁLVAREZ	1
ALFREDO BERMUDEZ FERNÁNDEZ	1
ESTHER ROJO MARTÍNEZ (ROJO Y GÓMEZ)	1
ARTURO MOSQUERA DIÉGUEZ	1
ZAIDA ALVAREZ GONZÁLEZ	1
MARÍA ÁNGELES BLANCO PÉREZ (LALÍN)	1
PABLO GUNTIÑAS FERNÁNDEZ	1
MARIANO GUNDÍN FERNÁNDEZ	1
LUIS GUILLERMO ÁLVAREZ PORTO	1
ROSA SANTEIRO MARTÍNEZ (LALÍN)	1
BEGOÑA PÉREZ VÁZQUEZ	1
DAVID DE LEÓN REY	1
JORGE TEMES MONTES	1
JOSÉ RAMÓN DE DIOS DE DIOS	1
LUIS MANUEL SALGADO CARBAJALES	1
FRANCISCO JOSÉ LAGO CALVO	1
FERNANDO BLANCO ARCE	1
ARTURO GONZÁLEZ ESTÉVEZ (ARL ABOGADOS)	1
NATALIA GONZÁLEZ FIDALGO (RIBADAVIA)	1
JORGE ÁNGEL PULIDO PARGA	1
ALBINO FERREIRA RIVERA	1
ANABEL GÓMEZ DÍAZ (GABINETE XURÍDICO GALIUS)	1
EVA MARÍA VIDAL RODRÍGUEZ	1

O Grao de satisfacción dos titulados do Mestrado en Avogacía no relativo á “A utilidade das prácticas académicas externas” é de 3.33.

Externalización da presenza da Facultade de Dereito en REDES SOCIAIS.

A conta aberta nalgúns redes sociais data de fai moitos anos pero deixou de utilizarse dende hai xa catro mandatos de equipos de goberno. No curso 2017/2018 o equipo actual valorou optar entre pechar a presenza da Facultade nas redes sociais ou actualizalas, para mellorar a imaxe da Facultade en Internet a través das redes e enviar información aos nosos usuarios actuais e potenciais, aos nosos titulados e á sociedade en xeral. Contactouse cunha empresa co propósito de solicitar orzamento por encargarse de enviar noticias ás redes sociais da Facultade. Mostráronnos un programa deseñado coa colaboración de titulados da Escola de Enxeñería Informática de Ourense para que os temas de actualidade puidesen descargarse automaticamente nas redes, con posibilidade mesmo de anunciarlos antes do día, a véspera, o día e ao día seguinte e darlle presenza en Telegram, Twitter, Facebook, Instagram... e con moitas más posibilidades. Aínda que o proxecto pareceunos moi interesante a empresa consideraba que debía estenderse iniciativa ao Campus de Ourense, de xeito que habería noticias que nos interesasen a todas as Facultades (deportes, actividades culturais...) e poderían automaticamente descargarse nas redes de todos os centros e outras de interese para un centro, que só se publicasen nese ámbito máis restrinxido. Finalmente, non resultou viable no Campus.

Polo demais, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de 2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (no sucesivo, LOPDGDD), obrigan a implantar un conxunto de medidas tanto xurídicas como técnicas relativas á información obtida sobre datos persoais correspondentes a quen se relacione coa Universidade de Vigo (sexan estudiantes, persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos, ou membros da cidadanía en xeral) desde o momento en que tales datos se recollen e ao longo de todo o tratamento sobre os mesmos. En principio non se deberían utilizar os datos persoais de titulados, xa que son persoas coas que xa non existe unha relación xurídica actual coa Universidade (aínda que, dende a Universidade se está a traballar nese tema para poder obter consentimentos e legalizalo como actividade de tratamiento) nin os do alumnado, salvo para cuestiós estritamente académicas. Ás veces, considérase útil remitirlle información sobre cursos, ofertas de emprego, ofertas de prácticas... pois, aínda que se mostra na páxina web da Facultade, os posibles interesados non revisan a web a diario. No seu caso, preténdese substituír a notificación por correo pola súa publicacións nas redes sociais, más consultadas polos usuarios.

En relación ao rexistro de QSPs, non se recibiu ningunha queixa relacionada cos Recursos materiais e servizos.

Puntos febles detectados:

- Necesidade de actualizar os convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas
- No curso 18/19 os docentes non poderán adquirir material bibliográfico con cargo ós orzamentos da biblioteca
- Debido á entrada en vigor da nova lei de protección de datos, xa non é posible remitir correos electrónicos ao alumnado e titulados sen o seu consentimento previo

Accións de mellora a implantar:

- Actualización dos Convenios que foron denunciados ou derogados e adaptación á nova normativa e xestión de novos convenios con Organismos públicos e privados.
- Destinar parte do presupuesto do centro á adquisición de material bibliográfico para docencia e investigación
- Facer uso de redes sociais como Instagram para divulgar información do centro e titulacións entre o alumnado e os titulados.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT

E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.

E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título

E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia

E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos

I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

I11: N° de alumnado por centro de prácticas.

I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudiantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As competencias, a metodoloxía docente e os sistemas de avaliación atópanse nas guías docentes que os coordinadores de materia elaboran a través da aplicación Docnet. As guías docentes son produto do consenso entre o profesorado responsable da materia e son supervisadas pola coordinación do Grao e Comisión de Calidade. As guías docentes apróbanse pola Xunta de Facultade, publicánsese con tempo suficiente de antelación e están dispoñibles en http://dereito.uvigo.es/gl/docencia/guias_docentes. O profesorado facilita tamén o seu acceso ás guías docentes ao alumnado matriculado nas súas materias, a través da plataforma de teledocencia FAITIC.

As actividades formativas, as metodoloxías e os sistemas de avaliación recollidos nas guías docentes resultan coherentes coas competencias que se pretende desenvolver e cos resultados de aprendizaxe previstos.

En canto ao **Grao de satisfacción do alumnado** en relación aos **resultados de aprendizaxe**, os valores obtidos (sobre 5) son:

	A formación adquirida (coñecementos e contidos)	A capacidade para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas	Total
Grao en Dereito	3,59	3,24	3,42
PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito	3,42	2,75	3,08
Mestrado en Avogacía	3,50	3,33	3,42

En cuanto ao **Grao de satisfacción dos titulados** en relación aos **resultados de aprendizaxe**, os valores obtidos (sobre 5) son:

	A formación adquirida	A utilidade da formación recibida para a carreira profesional	Total
Grao en Dereito G080	4,17	3,17	3,67
Grao en Dereito G081	3,33	3,33	3,33
Mestrado en Avogacía	3,33	3,00	3,17

En relación ao **Grao de satisfacción xeral do alumnado** con respecto á **Titulación**, os datos obtidos son:

	2017/2018	2016/2017
Grao en Dereito	3,27	3,30
PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito	2,68	2,99
Mestrado en Avogacía-Ourense	3,61	4,06

Como se pode observar, o Grao de satisfacción coa Titulación do alumnado supera a meta fixada ($\geq 3/5$) salvo no PCEO. Neste caso, descende con respecto ó pasado curso e non supera en ningún caso a meta fixada. Dado que os alumnos contestan a unha única enquisa de satisfacción para as dúas titulacións, non é posible analizar as causas que provocan estes datos. Solicitarase á área de Calidade que se realicen dúas enquisas (unha por cada titulación). Ademais, na próxima reunión de coordinación do PCEO analizaranse estes datos.

En relación ao **Grao de satisfacción xeral dos titulados** con respecto á **Titulación**, os datos obtidos son:

	2017/2018	2016/2017
Grao en Dereito G080	3,80	3,89
Grao en Dereito G081	3,24	--
Mestrado en Avogacía	3,17	3,37

Como se pode observar, o Grao de satisfacción das persoas tituladas supera meta fixada ($\geq 3/5$) polo que non é necesario propoñer accións de mellora.

En relación coa participación do alumnado nas enquisas, desde o equipo de goberno da Facultade nos últimos cursos realiza un gran esforzo por concienciar ao alumnado sobre a importancia que para o Centro ten o dispor de datos sobre o Grao de satisfacción, o que redunda nunha aumento considerable da porcentaxe de participación axeitada para obter datos representativos e moi superior á media do ámbito e da Universidade:

	2017/2018	2016/2017
Grao en Dereito	43%	42%
PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito	50%	42%
Mestrado en Avogacía-Ourense	74%	52%

A taxa de éxito tamén nos dá información anual dos resultados de aprendizaxe e dos resultados do título. Para o seu cálculo tense en conta a relación entre o número de créditos superados polo conxunto de estudiantes matriculados nun determinado curso académico e o número de créditos aos que se presentan os devanditos estudiantes nese mesmo curso.

En relación coa taxa global de éxito:

Indicadores de Seguimento	Meta fixada	<u>Resultado/s</u> <u>Curso 2017-2018</u>	<u>Resultado</u> <u>Curso</u> <u>2016-2017</u>	<u>Resultado</u> <u>Curso 2015-</u> <u>2016</u>
Taxa de éxito	Grao $\geq 80\%$	77%	76 %	78 %
	PCEO $\geq 80\%$	89%	82 %	83 %
	Mestrado Avogacía: $\geq 90\%$	100%	100 %	100 %

- a) Respecto do **Grao**: a taxa de éxito do Grao (77%) increméntase nun punto porcentual respecto á do curso anterior, aínda que non alcanza a meta prevista ($\geq 80\%$). Non parece un dato alarmante e parece aconsellable manter a meta, á espera dos resultados que se obteñan o curso que vén. Non son precisas accións de mellora. Os valores obtidos de taxa de éxito no Grao son elevados.
- b) Respecto do **PCEO**: a taxa de éxito do PCEO (89 %), increméntase 7 puntos porcentuais respecto do curso pasado, e supera á do Grao así como a meta fixada ($\geq 80\%$), o que pode considerarse moi positivo en termos xerais.
- c) Respecto do **Mestrado**: a taxa global de éxito do Mestrado é insuperable (100 %). Ademais, o 100 % dos egresados/as superou o exame estatal para a obtención do título de avogado/a. Non precisa accións de mellora.

A. En relación coa taxa de éxito por materias:

a. Respecto do Grao en Dereito:

No **primeiro curso** do G081, a taxa media de 80% é inferior ao 85% alcanzado no curso anterior. Dereito constitucional I é a materia que más se afasta desa media por abaxo (49 %) xunto con Dereito constitucional II (59%), mentres que destacan por enriba Historia do dereito (97 %) e Introdución ao derecho civil e derecho da persoa (98%).

No **segundo curso** do G081, a taxa media é dun 71%, baixa en relación á do curso anterior (74%), sendo Sistema xudicial español e proceso civil a materia que más se afasta da media por abaxo (60%). Destaca por enriba Dereito civil II. Dereitos reais (84%).

No **terceiro curso** do G081, a media é dun aceptable 84% (igual que no curso pasado). Destacan por enriba do 90 % Dereito internacional privado (97%) e Dereito civil III. Familia e sucesións (92%). Cos resultados más baixos, Dereito procesual penal (68%).

No **cuarto curso** do G081, a media global é dun 96%, inferior a do curso pasado (98%). Case todas as materias alcanzan o 100 % (entre elas o TFG, o que compensa os seus peores resultados nas outras dúas taxas). Destacan por debaixo Dereito mercantil II (74%) e Dereito financeiro e tributario II (79%)

b. Respecto do PCEO:

En primeiro **curso**, a media global é dun 88%, claramente superior á do curso precedente (77%). Mentre Teoría do dereito, Introdución ao derecho civil e derecho da persoa e Economía española e mundial chegan ao 100 %, Dereito constitucional I obtén un 65%.

En segundo **curso**, a media global é dun 85 %, igual ao curso anterior. Destaca Dereito administrativo I (100%). Os valores mais baixos alcánzanse en materias da titulación de ADE.

En terceiro **curso**, a media global actual é dun 94%, superior a do curso pasado (92%). Varias materias xurídicas alcanzan o 100 %, pero Dereito administrativo II queda nun 83%.

En cuarto **curso**, a media global actual é dun 97%, sen datos previos de cursos anteriores. A materia con un dato más baixo é Dereito mercantil II (89%).

c. Respecto do Mestrado universitario en avogacía:

A taxa de éxito do Mestrado é inmellorable en todas as materias (100 %).

Puntos febles detectados:

- Taxas de rendemento inferior ao 50% nalgunhas materias

Accións de mellora a implantar:

- Continuar coa análise das taxas académicas por materia dos estudiantes e a análise comparativa entre sedes en materias nas que as taxas revelen un reducido rendemento dos estudiantes.

Evidencias nas que se baseou la valoración:

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de Grao/ fin de Mestrado (título,titor e calificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análisis xeral de

resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDIMENTO

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecuáñanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Matrícula de novo ingreso por preinscripción - Evolución do número de estudiantes de novo ingreso por curso académico

	<u>Resultado/s</u> <u>Curso 2017-2018</u>	<u>Resultado Curso</u> <u>2016-2017</u>	<u>Resultado</u> <u>Curso 2015-2016</u>
Grao Dereito	54	55	55
PCEO	23	27	22
Mestrado Avogacía	25	18	23

Con respecto ao **Grao**, hai que destacar que a **demand**a do título é elevada, permite cubrir todas as prazas ofertadas e xustifica a existencia e sustentabilidade do título. Este aspecto está corroborado polo indicado no “Informe final de avaliación para a renovación da acreditación”, emitido pola ACSUG o 23 de xullo de 2017 (disponible en http://dereito.uvigo.es/images/docs/calidate/acreditacion/IFARA_Dereito_2017.pdf).

En relación ao **Mestrado**, aínda que non se cubriron todas as prazas, a **demand**a mantense en alza cubrindo unha porcentaxe elevada das prazas ofertadas. Este aspecto está tamén corroborado polo indicado no “Informe final de avaliación para a renovación da acreditación”, emitido pola ACSUG o 23 de xullo de 2017 (disponible en http://dereito.uvigo.es/images/docs/calidate/acreditacion/IFARA_MAV_2014-15.pdf).

A **evolución do estudiantado matriculado** reflicte que:

- No **Grao/PCEO**, cumpríuse a meta fixada (cubrir 50 prazas para o Grao e 20 para o PCEO): 54 matrículas de novo ingreso por preinscripción no Grao e 23 no PCEO, de maneira similar ou superior aos cursos anteriores: 2016/2017 (55 en Grao/27 en PCEO), 2015/2016 (55 en Grao /22 en PCEO)
- En relación co **Mestrado universitario en avogacía**, tamén se cumpre coa meta de cubrir 25 prazas, mellorando notablemente o número de matriculados con respecto aos anos anteriores: en 2016/2017 matricularonse 18 alumnos e en 2015/2016, 23. Este incremento débese, probablemente, a que dende a facultade traballouse en diversas melloras ao longo do curso 2016/2017 tendentes a paliar as restricións impostas ao ingreso do alumnado do último curso con algúna materia pendente, o que permitiu incrementar o número de persoas matriculadas para o curso 2017/2018, aínda que se manteñen importantes restricións para o alumnado con estudos estranxeiros. A Conferencia de decanas e decanos de Dereito amosou a súa preocupación polos casos de estudiantes que estudaron un Grao de Dereito fóra de España e que iniciaron un Mestrado universitario en avogacía - descoñecendo os criterios que o Ministerio de Xustiza estableceu segundo o cal era necesario para presentarse á proba de acceso contar cun Grao en Dereito español - e con anterioridade á validación parcial dos seus estudos e á obtención do título de Graduado/a en Dereito por unha universidade española.

Na Facultade de Dereito dous estudiantes venezolanos matriculáronse no Mestrado universitario en avogacía impartido na Facultade de Dereito no curso 2015/2016, tras a presentación dos seus títulos de Licenciado/a en Dereito obtidos no estranxeiro sen homologar e a obtención da previa resolución reitoral de equivalencia de estudios estranxeiros. De forma paralela, solicitaron a homologación dos estudios estranxeiros ao título de Grao en Dereito. En resposta a esa solicitude, a Subdirección Xeral de Títulos e Recoñecemento de Cualificacións, de acordo coa “Guía sobre os procedementos de homologación e equivalencia regulados polo RD 967/2014, versión actualizada: 23/12/2015”, publicada na páxina web do MECD con posterioridade á solicitude de homologación dos estudiantes, entendeu que o RD 967/2014 non contemplaba a homologación ao título oficial español de Licenciado ou Graduado en Dereito, senón ao Mestrado en avogacía, que require a previa acreditación da posesión do título español de Grao. Se o título se obtivo no estranxeiro a única vía para acreditar a posesión do título español era a validación de estudios estranxeiros por estudios universitarios españois parciais. En consecuencia, desde o curso 2016/2017, os dous estudiantes, tras a solicitude, tramitación e resolución de senllos expedientes de admisión e recoñecemento de créditos de estudiantes con estudios universitarios estranxeiros para titulacións adaptadas ao EEES, deberon cursar aproximadamente a metade dos créditos do Grao en Dereito para obter o título de Graduado/a en Dereito na Facultade de Dereito e concluíron o segundo ano do Mestrado. Con todo, unha vez finalizado en xaneiro de 2017 o período formativo e as prácticas do Mestrado, non puideron matricularse nin presentarse ás probas de aptitude para o acceso á profesión de avogado nas convocatorias de 2017 e 2018, ao non estar áinda en posesión do título de Graduado en Dereito en España. Desde o inicio do proceso, tanto por parte do decanato da Facultade como por parte dos propios alumnos remitíronse escritos a distintas instancias e institucións –entre outros, ao Consello de Universidades, á Subdirección Xeral de Títulos e Recoñecemento de Cualificacións, á Subsecretaría de Xustiza, do Ministerio de Xustiza e á Universidade de Vigo– para tratar de buscar unha solución adecuada e proporcionada para a súa situación, ao resultar gravemente prexudicados en todo o proceso, como consecuencia do cambio normativo introducido polo RD 967/2014. Alumnos en situacións equivalentes incorporados ao Mestrado universitario en avogacía impartido na Facultade de Dereito de Ourense en edicións anteriores puideran compatibilizar o proceso de homologación dos seus títulos (tras a superación da proba de conxunto, conforme ao Real Decreto 285/2004) cos estudios do Mestrado e realizar con éxito a proba de aptitude que lles deu acceso á profesión de avogados, unha vez finalizado o período formativo e de prácticas do Mestrado e sen dilación algúnhia.

Os estudiantes realizaron rigorosamente os estudios conducentes á obtención dos títulos de Graduado/a en Dereito, con validación parcial dos estudios estranxeiros, pero cursaron o Mestrado universitario en avogacía con anterioridade á obtención do título de Graduado/a. Ante a preocupación manifestada na Conferencia de decanas e decanos, desde o decanato da Facultade, en execución dunha acción de mellora instouse, no mes de decembro, que se trasladase á Secretaría Xeral de Universidades o devandito suposto, a efectos de non producirles máis prexuízos a estes estudiantes por cursar o Mestrado universitario en avogacía antes de obter o título de Graduado/a en Dereito en España.

Taxas de ocupación, preferencia e adecuación

Taxa de ocupación = % entre matrícula de novo ingreso por preinscripción e prazas ofertadas.

Taxa de preferencia = % entre preinscripción en 1^a opción (demanda) e prazas ofertadas.

Taxa de adecuación = % entre matrícula de novo ingreso por preinscripción en 1^a opción e matrícula total de preinscripción.

As taxas obtidas no curso 2017/2018 indican que:

- No **Grao / PCEO** cúmprense as metas sinaladas cunha evolución en xeral coincidente en relación coas taxas de ocupación (Grao: 106%, PCEO: 115%) respecto dos cursos anteriores 2016/2017 (110 %/135 %) 2015/2016 (110 %/110 %), polo que non é preciso variar aquí as metas fixadas (100 %) nin adoptar propostas de mellora. A taxa de preferencia no Grao (128%) descende sensiblemente respecto a do ano anterior pero segue a ser superior a de fai dous anos 2016/2017 (140 %) 2015/2016 (104 %) e incrementase no PCEO (140 %) con respecto o ano anterior 2016/2017 (110 %) 2015/2016 (150%). En ambos casos supérase a meta prevista (100 %). A taxa de adecuación increménntase en ambos os dous casos (Grao: 66.04%, PCEO: 60.87%) con respecto o ano anterior 2016/2017 (Grao: 52,7 % / PCEO: 55,5 %) e non se alcanza a meta prevista (70 %), aínda que esta taxa simplemente indica a porcentaxe de estudiantes que conseguén cursar os estudos que elixiron como primeira opción, polo que parece a menos significativa das tres aquí examinadas. Dado que a taxa se incrementou sensiblemente con respecto á taxa do curso pasado, parece adecuado manter a meta fixada á espera de seguir evolucionando á alza e alcanzar a dita meta. Non parecen necesarias accións de mellora.
- En canto ao **Mestrado universitario en avogacía**, a taxa de ocupación (83.33%) incrementouse con respecto o curso anterior 2016/2017 (60 %) 2015/2016 (92%) superando a meta fixada (66%). A meta da taxa de preferencia está nun 100 % e o de a taxa de adecuación nun 70 % (igual á do Grao). En ambos casos, non se dispón de datos para o curso 2017/2018, polo que non se pode ver a evolución con respecto os pasados cursos. Non se considera necesario variar as metas fixadas e non parecen necesarias accións de mellora neste punto.

Indicador	Titulación	Resultado 2017/2018	Resultado 2016/2017	Resultado 2015/2016
Ocupación	Grao	106,00 %	110 %	110 %
	PCEO	115,00 %	135 %	110%
	Mestrado	83,33 %	60 %	92 %
Preferencia	Grao	128,00 %	140 %	104 %
	PCEO	140,00 %	110 %	150 %
	Mestrado	NON HAI DATOS	63.3 %	92 %
Adecuación	Grao	66,04 %	52.73 %	69.09 %
	PCEO	60,87 %	55.56 %	86.36%
	Mestrado	NON HAI DATOS	72.20 %	73.91 %

Evolución dos indicadores de resultados

Taxa de rendemento = relación porcentual entre o número de créditos superados e o número de créditos matriculados.

Taxa de abandono = porcentaxe de estudiantes dunha cohorte de novo ingreso no curso X, matriculados no título T, na universidade ou que, sen haberse graduado nese título, non se matricularon nel durante dous cursos seguidos.

Taxa de graduación = Porcentaxe de estudiantes que finalizan a ensinanza no tempo teórico previsto no plan de estudos ou nun curso máis.

Taxa de éxito = relación porcentual entre o número de créditos superados e o número de créditos presentados a exame.

Taxa de eficiencia (ou taxa de rendemento de egresados) = relación porcentual entre o número total de créditos superados ao longo da titulación por un/a egresado/a e o número total de créditos matriculados.

Indicador	Titulación	Resultado 2017/2018	Resultado 2016/2017	Resultado 2015/2016
Taxa de rendemento	Grao en Dereito	60 %	57 %	63 %
	PCEO	82%	75 %	73 %
	Mestrado Avogacía	99 %	99 %	98 %
Taxa de abandono	Grao en Dereito: ≤ 15%	15,63%	20,59%	14,49%
	PCEO: ≤ 10%	23,81%	21,43%	4,55%
	Mestrado Avogacía: ≤ 10%	4,35%	0%	0%
Taxa de graduación	Grao en Dereito	39,13%	52,17%	42,03%
	PCEO	No procede	No procede	No procede
	Mestrado Avogacía	94,44	95,65 %	94,64 %
Taxa de éxito	Grao	77%	76 %	78 %
	PCEO	89%	82 %	83 %
	Mestrado Avogacía	100%	100 %	100 %
Taxa de eficiencia	Grao en Dereito	86%	84 %	92 %
	PCEO	Non procede	Non procede	Non procede
	Mestrado Avogacía	99%	99 %	100

A. En relación coa taxa global de rendemento:

Respecto do Grao: a taxa de rendemento do Grao (60 %) increméntase respecto do curso anterior en tres puntos porcentuais e achégase á meta prevista (65 %), polo que o resultado pode cualificarse como suficiente, dado que en cursos anteriores a taxa foi más alta e é de esperar que siga subindo.

Respecto do PCEO: a taxa de rendemento do PCEO (82 %) supera a meta prevista (70 %) e aumenta en 7 puntos porcentuais respecto do curso anterior, sendo un dato moi positivo. Propónese manter no 70% a meta para o devandito grupo, diferenciándoo do resto do Grao.

Respecto do Mestrado: a taxa de rendemento do Mestrado manteñese estable e atópase moi por enriba da meta pretendida (90 %), sendo xa próxima ao 100 %, polo que se debería continuar na mesma liña. Non se necesitan propostas de mellora.

B. En relación coa taxa global de abandono:

Respecto do Grao: a taxa de abandono descende ao 15,63%, cun nivel moi próximo á meta prevista ($\leq 15\%$). Non se necesitan propostas de mellora.

Respecto do Mestrado: a taxa de abandono do Mestrado é moi baixo, e está moi por debaixo da meta fixada.

Respecto do PCEO: a taxa de abandono do PCEO é alta (23,31 %), en parte polo alumnado que pasa do sobre Grao a un dos dous Graos (Dereito ou ADE) que forman os estudos concxuntos. Analizando os datos de abandono do alumnado do PCEO para cursar un só dos Graos podemos ver que maior parte dos alumnos continua unicamente no Grao en Dereito. Polo tanto, para obter a taxa de abandono, estes alumnos non deberían contabilizarse dentro do número de alumnos que abandonan a titulación. Será necesario seguir analizando os motivos que poden influir negativamente na taxa de abandono do PCEO (2018GDO02).

	Nº de alumnos que abandonaron o PCEO para continuar en un dos dous graos		
	Nº de trasladados do PCEO a ADE/Dereito	A DEREITO	A ADE
2015-2016	0	0	0
2016-2017	6	4	2
2017-2018	4	3	1
2018-2019	3	2	1

C. En relación coa taxa global de graduación:

Respecto do Grao: a taxa de graduación descende 3 puntos porcentuais respecto do curso pasado, por debaixo da meta proposta. Sen embargo, é necesario esperar ao próximo curso, xa que os datos históricos resultan de momento insuficientes como para poder realizar unha análise máis profunda. Debe terse en conta que a taxa de graduación calcúlase tendo en conta o número de egresados do curso 17/18 e 16/17 que accederon ó Grao no curso 13/14. No curso 13/14 tan só se estaba impartindo o plan G080 e a meirande parte dos alumnos cambiáronse ó novo plan G081 no curso 14/15 (e polo tanto, a nivel estadístico contabilízanse como de novo ingreso no G081 nese curso). Os alumnos que comenzaron no plan G080 e se pasaron ao plan G081 non computan na taxa de graduación áinda que rematen os seus estudos en 5 cursos académicos.

Respecto do PCEO: non constan ainda datos de graduación respecto do PCEO, ao non estar completamente implantado.

Respecto do Mestrado: a taxa de graduación manteñese similar a do curso pasado, superando a meta fixada.

Polo tanto, non se requieren accións de mellora relativas a taxa de graduación.

D. En relación coa taxa global de éxito:

Respecto do Grao: a taxa de éxito do Grao (77%) increméntase nun punto porcentual respecto do curso anterior, non alcanzando a meta prevista ($\geq 80\%$). Non parece un dato alarmante e parece aconsellable manter a meta, á espera dos resultados que se obteñan o curso que vén. Non son precisas accións de mellora.

Respecto do PCEO: a taxa de éxito do PCEO (89 %), increméntase 7 puntos porcentuais respecto do curso pasado, e supera á do Grao así como a meta fixada ($\geq 80\%$), o que pode considerarse moi positivo en termos xerais.

Respecto do Mestrado: a taxa global de éxito do Mestrado é insuperable (100 %). Ademais, o 100 % dos egresados/as superou o exame estatal para a obtención do título de avogado/a. Non precisa accións de mellora.

E. En relación coa taxa global de eficiencia:

Respecto do **Grao**: a taxa de eficiencia do Grao (86%) increméntase 2 puntos porcentuais e achégase á meta prevista ($\geq 90\%$). Parece aconsellable manter a meta, á espera dos resultados que se obteñan o curso que vén. Non son precisas accións de mellora.

Respecto do **PCEO**: non constan datos respecto do PCEO.

Respecto do **Mestrado**: a taxa de eficiencia do Mestrado manteñese respecto do curso pasado, e supera claramente a meta fixada ($\geq 90\%$), polo que non caben recomendacións neste punto.

II.3.2. Rregistro das taxas por materia.

En relación coas taxas por materias, optouse por seguir un deseño visual, mediante táboas que reflicten por cores os desvíos da media, tanto en relación co Grao (G080 e G081) como o Mestrado e o PCEO. Entendemos que con iso se facilita moito más a análise.

Debido ás súas dimensións, estas táboas incorpóranse todas elas ao final deste documento, como Anexo V.

A. En relación coa taxa de avaliación por materias:**a. Respeito do Grao en Dereito:**

No **primeiro curso** do G081, a media global (87%) é superior á do anterior (85%), o que pode considerarse positivo. Non hai materias que destaqueñen en especial, sendo a inferior a materia Dereito constitucional II cun 72%. A más alta obtén un 96% (Teoría do dereito).

No **segundo curso** do G081, a media global é só lixeiramente inferior á do curso anterior (un 80 % actual fronte a un 81 % anterior). Destaca polo baixo o índice de Sistema xudicial español e Proceso civil (52 %) e Dereito internacional público (61%) fronte ao 94 % de Dereito penal I.

En terceiro **curso** do G081, a media global é inferior á do curso anterior (un 77% actual fronte a un 84 % anterior). Os peores índices corresponden a Dereito financeiro e tributario I (48%) fronte ao 97 % de Dereito administrativo II.

En cuarto **curso** do G081 a media global é inferior á do curso anterior (un 88% actual fronte a un 93 % anterior), destacando por abaxo o TFG (52 %), que descende con respecto ó curso anterior (60%) e por enriba, co 100 % de Criminoloxía e dereito penitenciario, Sistemas xurídicos contemporáneos: Dereito continental e dereito anglosaxón, Unión Europea, constitución e medio ambiente, Dereito mercantil europeo.

b. Respecto do PCEO:

En primeiro **curso**, a media global é só lixeiramente inferior á do curso anterior (un 91 % actual fronte a un 92 % anterior), sen grandes diferenzas entre materias: a menor taxa corresponde a Estatística (79 %) e a maior (97 %) a Matemática das operacións financeiras e Dereito romano.

En segundo **curso**, a media global é dun 92 %, igual que o ano anterior. Varias materias alcanzan o 100%, mentres que unha distánciase demasiado da media por abaxo: Dereito internacional público (67 %).

En terceiro **curso**, a media global é dun 93 % (igual que o ano anterior), alcanzando varias materias o 100 % e dous a certa distancia por baixo: Dereito financeiro e tributario I (65%) e Dereito da Unión Europea (71%).

En cuarto **curso**, a media global é dun 97 % (sen datos históricos de cursos anteriores), alcanzando varias materias o 100 % .

c. Respecto do Mestrado universitario en avogacía:

A taxa de avaliación do Mestrado é excelente en xeral (99 %) e en todas as materias, correspondendo a inferior ao TFM (86 %).

B. En relación coa taxa de rendemento por materias:**a. Respecto do Grao en Dereito:**

No **primeiro curso** do G081, a media global baixa lixeiramente con respecto á obtida no curso anterior (un 70 % fronte a un 73 %). Dúas materias afástanse sensiblemente da media: Dereito constitucional II (43 %) e Dereito constitucional I (40%). Destaca por enriba Historia do dereito, cun 90 %.

No **segundo curso** do G081, a media global baixa sensiblemente respecto do curso anterior (un 59% fronte a un 61%) e nesta ocasión hai catro materias con resultados preocupantes: Sistema xudicial español e proceso civil (31 %), Dereito internacional público (37%) así como Dereito da Unión Europea (43%). Por enriba destaca Dereito civil II. Dereitos reais (76 %) e Dereito administrativo I (75%).

No **terceiro curso** do G081, a media global baixa lixeiramente en relación co curso anterior (un 65% fronte a un 71%). Destacan negativamente Dereito procesual penal (51 %) e Dereito financeiro e tributario I (39 %). Por enriba, Dereito civil III. Familia e sucesións (81 %).

No **cuarto curso** do G081, a media global baixa en relación co curso anterior (un 82% fronte a un 91%). A maioría das optativas están próximas ao 100 %. Por abaxo, destaca negativamente de novo o TFG, cun 52 %, áinda que as peculiaridades desta materia fan que o dato non sexa especialmente preocupante. Por abaxo, destaca tamén Litigación internacional e sostibilidade (67 %).

b. Respecto do PCEO:

En primeiro **curso**, a media global é dun 81 %, claramente superior á do curso pasado (71 %). Destacan ao baixa tres materias que afastan moito da media: Dereito constitucional I (57%), Dereito constitucional II (63%) e Estatística: Estatística (55%). Teoría do Dereito (96 %) destaca por enriba.

En **segundo curso**, a media global é dun 79% , superior á do curso anterior (73%), non destacando por abaxo Sistema xudicial español e proceso civil (65%) e Dirección de operacións (68%).

En terceiro **curso**, a media global é do 86% (superior á do curso pasado que era do 86%). Afástase moito, por baixo da media, Dereito financeiro e tributario I (59%). Varias materias alcanzan o 100 %. sen datos históricos de cursos anteriores

En cuarto **curso**, a media global é do 94% (sen datos históricos de cursos anteriores). Varias materias alcanzan o 100 %. A maioría das materias alcanzan ou están próximas ao 100 %. Por abaxo, destaca Dereito mercantil II (80%).

c. Respecto do Mestrado universitario en avogacía:

A taxa do Mestrado é excelente en xeral (99 %) e en todas as materias, correspondendo a inferior ao TFM (86 %).

C. En relación coa taxa de éxito por materias:**a. Respecto do Grao en Dereito:**

No **primeiro curso** do G081, a taxa media de 80% é inferior ao 85% alcanzado no curso anterior. Dereito constitucional I é a materia que más se afasta desa media por abaxo (49 %) xunto con Dereito constitucional II (59%), mentres que destan por enriba Historia do dereito (97 %) e Introdución ao dereito civil e dereito da persoa (98%).

No **segundo curso** do G081, a taxa media é dun 71%, baixa en relación á do curso anterior (74%), sendo Sistema xudicial español e proceso civil a materia que más se afasta da media por abaxo (60%). Destaca por enriba Dereito civil II. Dereitos reais (84%).

No **terceiro curso** do G081, a media é dun aceptable 84% (igual que no curso pasado). Destan por enriba do 90 % Dereito internacional privado (97%) e Dereito civil III. Familia e sucesións (92%). Cos resultados más baixos, Dereito procesual penal (68%).

No **cuarto curso** do G081, a media global é dun 96%, inferior a do curso pasado (98%). Case todas as materias alcanzan o 100 % (entre elas o TFG, o que compensa os seus peores resultados nas outras dúas taxas). Destan por debaixo Dereito mercantil II (74%) e Dereito financeiro e tributario II (79%)

b. *Respecto do PCEO:*

En primeiro **curso**, a media global é dun 88%, claramente superior á do curso precedente (77%). Mentre Teoría do dereito, Introducción ao derecho civil e derecho da persoa e Economía española e mundial chegan ao 100 %, Dereito constitucional I obtén un 65%.

En segundo **curso**, a media global é dun 85 %, igual ao curso anterior. Destaca Dereito administrativo I (100%). Os valores mais baixos alcánzanse en materias da titulación de ADE.

En terceiro **curso**, a media global actual é dun 94%, superior a do curso pasado (92%). Varias materias xurídicas alcanzan o 100 %, pero Dereito administrativo II queda nun 83%.

En cuarto **curso**, a media global actual é dun 97%, sen datos previos de cursos anteriores. A materia con un dato máis baixo é Dereito mercantil II (89%).

c. *Respecto do Mestrado universitario en avogacía:*

A taxa de éxito do Mestrado é inmellorable en todas as materias (100 %).

Non se dispón de datos actualizados sobre a **inserción laboral proporcionados pola universidade**. No obstante, o centro elaborou un cuestionario, para entregar ao alumnado cando veñen a recoller o título, onde se lle formulan preguntas sobre o seu acceso ao mundo laboral.

En relación co **tempo medio en atopar un emprego**, non se dispoñen de datos. Dende o centro solicitouse, ó longo deste curso, á área de Calidade, que engada, dentro da enquisa aos Egresados, unha pregunta sobre o tempo medio que tardaron en encontrar traballo.

Por outro lado, hai que ter en conta que no **Grao en Dereito** deberán relativizarse os datos pois unha importante porcentaxe do estudiantado do Grao en Dereito continuará a súa formación, ben cursando o Mestrado universitario en avogacía para poder acceder ao exercicio profesional da avogacía ou ben preparando unha oposición para acceder ao emprego público, polo que, tras a finalización dos seus estudos de Grao, non optarán pola procura dun emprego.

Así o revelan os datos dos que dispón o centro, extraídos da enquisa que o centro realiza aos titulados de Grao no momento de recoller o título. En relación aos titulados no curso 2017/2018 recolléronse 16 enquisas e os datos extraídos son:

Nº de alumnos realizando o Mestrado en avogacía	6	37,50%
Nº de alumnos traballando	4	25,00%
Nº de alumnos realizando oposicións	4	25,00%
Nº de alumnos realizando outro Mestrado	2	12,50%

Como se pode observar, o 75% dos titulados do Grao segue coa súa formación no Mestrado ou preparando oposicións.

En relación coa **duración media dos estudos**, os datos obtidos son os seguintes:

Indicadores de Seguimento	Meta fixada	<u>Resultado/s</u> <u>Curso 2017-2018</u>	<u>Resultado</u> <u>Curso 2016-2017</u>	<u>Resultado</u> <u>Curso 2015-2016</u>
Duración media dos estudos	Grao en Dereito: ≤ 5/4	4,40	5,54	4.32
	PCEO: ≤ 6/5	NON PROCEDE	NON PROCEDE	NON PROCEDE
	Mestrado Avogacía: ≤ 2/2	2,2	2.06	2.00

- No **Grao** o dato oficial neste momento é unha media de 4,40 (para unha titulación de catro anos), que está por debaixo da meta. Non hai datos do PCEO por non terminar aínda a primeira promoción.
- No **Mestrado universitario en avogacía**, os datos están por debaixo da media.

Máis aló da análise dos resultados e taxas académicas, aínda que estreitamente vinculado ao rendemento, no caso do Mestrado universitario en avogacía é conveniente propor como acción de mellora para o curso 2018/19 unha análise pola Comisión académica do Mestrado da proposta de modificación da proba de acceso presentada polo Consello Xeral da Avogacía Española para adecuar o exame de estado (proba de acceso) á normativa vixente. A proposta do Consello amósase a favor de articular un exame oral a efectos de acreditar, formación práctica suficiente para o exercicio da profesión de avogado, así como o coñecemento das normas deontolóxicas e profesionais.

Parece más razoable suxerir, como proposta alternativa á presentada polo Consello Xeral da Avogacía Española, modificar a normativa vixente, para considerar o título de Mestrado universitario en avogacía como requisito necesario e suficiente para alcanzar a aptitude profesional para o exercicio da avogacía, coas adaptacións no título que, no seu caso, se consideren necesarias. Iso faría innecesaria a existencia dunha proba de aptitude posterior á obtención do título de Mestrado. Tres son, principalmente, as razóns que nos levan a sustentar esta proposta alternativa:

1. A garantía da excelencia da formación, que resulta da colaboración das universidades e os colexios profesionais ou as escolas de práctica xurídica na impartición conjunta dos cursos de formación, expresamente recoñecida na propia Exposición de motivos do RD 775/2011, do 3 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de Avogado e Procurador dos Tribunais. Esa colaboración materialízase nun convenio entre as entidades habilitadas para impartir os cursos de formación, que garante “no caso das universidades, a continuidade práctica da formación sustantiva recibida, e no das escolas de práctica xurídica, ademais, a calidade dos contidos impartidos así como a idoneidade da titulación e cualificación do profesorado”.

2. A complexidade de cumprir, mediante unha proba de avaliación final da aptitude profesional, a finalidade inicialmente prevista: “acreditar, de modo obxectivo, formación práctica suficiente para o exercicio da profesión de avogado ou da profesión de procurador, así como o coñecemento das respectivas normas deontolóxicas e profesionais” (art. 7.1 Lei 34/2006) ou “comprobar a formación práctica suficiente para o exercicio da respectiva profesión, e en particular á adquisición das competencias que deben garantir os cursos de formación segundo o establecido neste regulamento” (art. 17.2 RD 775/2011). En efecto, asegurar que todos os profesionais adquirisen as competencias necesarias para o exercicio da avogacía, enumeradas de forma exhaustiva no art. 10 RD, é unha función que pode cumplir o Mestrado, pero difficilmente unha proba de avaliación da aptitude profesional, sexa unha proba obxectiva tipo test e/ou unha proba práctica oral. É suficiente, para comprobar esa complexidade material, con ler a listaxe de competencias relacionadas no art. 10, cuxa adquisición, polo demais, debe ser garantida polos cursos de formación, que se imparten ao longo dun curso académico. O Traballo fin de Mestrado, materia de 6 créditos ECTS, que se cursa ao longo dun cuatrimestre podería permitir avaliar esas competencias con maior garantía de éxito, se está adecuadamente configurada.

3. A necesidade de proporcionar ao alumnado formación xurídica práctica suficiente e de calidade para garantir a adquisición das competencias que esixe o exercicio da profesión e non para a preparación dunha proba de aptitude que non achega competencia algúns para o exercicio profesional.

Para o suposto de que se manteña a proba de acceso, a efectos de acreditar, “de modo obxectivo”, tal e como esixe a Lei 34/2006, formación práctica suficiente para o exercicio da profesión de avogado, así como o coñecemento das normas deontolóxicas e profesionais, tendo en conta, tal e como se xustificou, que a proba de aptitude por si non permite comprobar que o alumno adquiriu a formación práctica suficiente para o exercicio da respectiva profesión, e en particular, a adquisición das competencias que deben garantir os cursos de formación, senón que esa é a misión do Mestrado, debería suixerse, en segundo lugar, modificar o artigo 17 do RD 775/2011, para establecer unha proba tipo test nos termos nos que actualmente está concibida. E iso polos seguintes motivos:

1. Aínda que a proposta de modificación do Consello Xeral da Avogacía Española, consistente en introducir unha proba oral cuxa finalidade consistiría na resolución dun suposto práctico a elixir de entre varias propostas, pode parecer, de entrada, máis adecuada para avaliar certas competencias e habilidades propias da profesión de avogado/a, o certo é que non serve a ese labor. Parece excesivo condicionar a obtención do título de avogado á resolución dun suposto práctico nun contexto e un tempo limitado e moi diferente do que teñen os avogados cando analizan un suposto real. A proposta xera, polo tanto, dúbidas sobre a posibilidade de acreditar “de modo obxectivo” a formación práctica do alumno/a. E tamén dúbidas sobre a súa viabilidade económica e material, pola esixencia de persoal dispoñible para a avaliación e tempo para o adecuado desenvolvemento da proba. O TFM, adecuadamente configurado para avaliar a formación práctica, podería eliminar esos obstáculos e avaliar a adquisición das competencias correspondentes.

2. Responde mellor á finalidade prevista pola Lei 34/2006 de acreditar de modo obxectivo a formación a realización dunha proba tipo test, que pode ter tamén un contido práctico, aínda que, como se dixo, non permite acreditar a adquisición da formación práctica suficiente para o exercicio profesional.

<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A taxa de abandono do PCEO é alta • Taxas de rendemento inferior ao 50% nalgúnsas materias. • O Consello Xeral da Avogacía Española propón modificar a proba de acceso para incluír un exame oral a efectos de acreditar formación práctica suficiente para o exercicio da profesión de avogado, así como o coñecemento das normas deontolóxicas e profesionais. • Existen importantes restricións para o alumnado con estudos estranxeiros. O centro conta con estudiantes que estudaron un Grao de Dereito fóra de España e que iniciaron o Mestrado universitario en avogacía - descoñecendo os criterios que o Ministerio de Xustiza estableceu, segundo o cal era necesario para presentarse á proba de acceso contar cun Grao en Dereito español- e con anterioridade á validación parcial dos seus estudos e á obtención do título de Graduado/a en Dereito por unha universidade española e que agora se ven obrigados a cursar parte das materias do Grao a pesares de haber superado o Mestrado e non podendo presentarse ás probas de acceso. 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Analizar os motivos que poden influír negativamente na taxa de abandono do PCEO, así como verificar a cantidade de alumnado do PCEO que decide continuar únicamente no Grao en Dereito e abordar os resultados co equipo homólogo de ADE. • Continuar coa análise das taxas académicas por materia dos estudiantes e a análise comparativa entre sedes en materias nas que as taxas revelen un reducido rendemento dos estudiantes. • Análise pola Comisión académica do Mestrado da proposta de modificación da proba de acceso presentada polo Consejo General de la Abogacía Española para adecuar o exame de estado (proba de acceso) á normativa vixente • Enviar un escrito á Secretaría Xeral de Universidades transmitindo a situación destes alumnos a efectos de non producirles máis prexúzos por cursar o Mestrado universitario en avogacía antes de obter o título de Graduado/a en Dereito en España.
---	---

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudiantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

□ Taxa de graduación

□ Taxa de abandono

□ Taxa de eficiencia

□ Taxa de rendimento

□ Taxa de éxito

□ Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-DO: Duración media dos estudos

4 MODIFICACIÓNES NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNNS

Modificacións na titulación : Grao en Dereito

Incluiranse as modificacións non substanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no “Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado” de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

M1	<p>Modificar as fichas das seguintes materias, para incluír o idioma “Galego” como lingua de impartición:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Dereito do comercio internacional - Argumentación e interpretación xurídica - Fundamentos de Administración de Empresas - Dereito Administrativo Económico - Réximen xurídico da responsabilidade patrimonial da Administración (contractual e extracontractual) - Dereito Penal de Empresa - Constitución económica 	Só figuraba o castelán como lingua de impartición. Calquera profesor pode impartir as súas clases en galego e o alumnado ten dereito a realizar as probas de avaliación en galego
M2	<p>Modificar, na ficha das materias “Constitución económica”, “Dereito de defensa da competencia”, “Dereito Constitucional II”, “Dereito Administrativo II”, “Dereito Administrativo Económico” e “Argumentación e interpretación xurídica”, “Dereito Administrativo Económico” no apartado de actividades formativas, o número de horas para que corresponda a unha materia de 6 créditos</p>	Debido a un erro figuraba un número de horas que non era correcto

5 ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORAS PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

*Cada titulación deberá incorporar un seguimiento das accións de mellora que puxo en marcha no curso ou /cursos anteriores. A [aplicación de xestión documental do SGC](#) permite realizar un seguimiento das mesmas

Ver ANEXO VI

6 LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS

*As accións de mellora que se recollen deben ser coherentes cos resultados acadados e a análise realizada nos epígrafes anteriores. Debe incorporarse toda a información relativa ás mesmas nos formularios de fichas que se teñen habilitado na [aplicación de xestión documental do SGC](#). Poden achegarse as fichas cumplimentadas a través da mesma como anexo a este informe

Ver ANEXO VII

7 CONCLUSIÓNS E ACORDOS

7.1 Listaxe de asistentes á reunión de aprobación do informe final:

Dna. Lourdes Borrajo Diz (presidenta da Comisión, vicedecana de Planificación e Calidade coordinadora do Grao en Dereito)
 Dna. Concepción Martínez Martínez (secretaria da Comisión e da Facultade de Dereito)
 Dna. Marta Fernández Prieto (decana da Facultade de Dereito)
 Dna. Mónica Siota Álvarez (representante do PDI na Comisión)
 Dna. M.ª Dolores Fernández Fustes (Coordinadora do Mestrado universitario en avogacía)
 D. José Luis Sousa Méndez (estudante do Mestrado universitario en avogacía)
 D. Diego Casas Rodríguez (estudante do PCEO ADE-Dereito)

Tras analizar toda a información previa relacionada co funcionamento do sistema de garantía / xestión de calidade é importante concluir que:

7.2 Conclusións relevantes

1.	Do conxunto das análises levadas a cabo despréndense uns resultados satisfactorios no centro respecto ó curso 2017/2018.
2.	Non existen incidencias particularmente relevantes en relación cos resultados académicos e de satisfacción, nin cos recursos do centro.
3.	O sistema de garantía de calidade do centro funciona, xestiónase adecuadamente e conseguiuse levar a cabo a práctica totalidade das melloras propostas para o curso 2017/2018.
4.	Con todo, aprécianse oportunidades para a mellora tanto en relación co funcionamento do centro e o seu sistema de garantía de calidade, así como en relación cos títulos xestionados, que foron incorporados convenientemente no presente informe.

Así mesmo acórdase:

7.3 Acordos

1.	Validar o presente informe e elevalo á Xunta de Facultade para a súa aprobación.
2.	Dar por concluído o seguimento das melloras correspondentes ao curso 2016/2017 e 2017/2018 de maneira definitiva.
3.	Incorporar no Plan de melloras para o curso 2018/2019 as que se detallan no presente informe.
4.	Non modificar as metas e indicadores vinculados aos obxectivos de calidade do centro, á espera de comprobar a súa evolución durante o curso 2018/2019.
5.	Aprobar, como parte integrante do proceso de seguimento dos títulos do Centro, as modificacións propostas á memoria do Grao en Dereito en relación co curso 2017/2018 que se recollen como anexo.
6.	Delegar na vicedecana de Calidade a realización das correccións de aspectos puramente formais que fose necesario levar a cabo entre o momento da aprobación pola Comisión Permanente e o momento de subir o presente informe ás aplicacións informáticas de calidade da Universidade de Vigo e da ACSUG.

8 ANEXOS

Anexo I: Nota media do estudiantado que accede por primeira vez á titulación

Titulación	Curso Académico	Modalidade Ingreso	Estudio Acceso	Nota media acceso
Graduado en Dereito	2017/2018	Alumnado con título de bacharelato ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias Bacharelato LOMCE e ABAU. Humanidades Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias Sociais	8,184 7,236 7,486 9,002 8,599
		Acceso para maiores de 25 Anos	Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos (LOE). Opción Ciencias Sociais e Xurídicas	7,260
		Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudios estranxeiros	Acreditación ou credencial de homologación do título de bacharelato	0,000
		Títulos oficiais de técnico superior de formación profesional	Sanidade: Saúde Ambiental	6,600
		Habilitacións de carácter extraordinario	Acceso por recoñecemento dun mínimo de 30 ECTS	0,000
		Alumnado con título de bacharelato ou equivalente do sistema educativo español - sen probas	Bacharelato LOE sen ABAU	8,290
		Alumnado con título de bacharelato ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais Bacharelato (LOE) e Selectividade. Estranxeiro	7,819 8,056 6,855
		Títulos oficiais de técnico superior de formación profesional	Comercio e Marketing: Xestión Comercial e Marketing Hostalería e Turismo: Restauración Servizos Socioculturais e á Comunidade: Integración Social	8,200 6,890 7,100
	2015/2016	Alumnado con título de bacharelato ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais Bacharelato (LOE) e Selectividade. Artes. Artes plásticas, deseño e imaxe Bacharelato LOXSE e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	7,273 7,644 7,118 6,920
		Títulos oficiais de técnico superior de formación profesional	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Estranxeiro Administración: Administración e Finanzas Servizos Socioculturais e á Comunidade: Educación Infantil	9,400 7,400 8,080
PCEO ADE / Dereito	2017/2018	Alumnado con título de bacharelato ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias Bacharelato LOMCE e ABAU. Humanidades Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias Sociais	11,496 11,047 9,742 10,596
		Sen asignar	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	8,948 9,824
		Alumnado con título de bacharelato ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	9,824
		Alumnado con título de bacharelato ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais Bacharelato (LOE) e Selectividade. Estranxeiro	8,817 9,354 9,400
	2016/2017	Título de Licenciado	Licenciado en Dereito	6,010
		Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudios estranxeiros	Estudos realizados no estranxeiro	8,250
Mestrado en Avogacía	2017/2018	Graduados Superiores	Graduado en Dereito Graduado en Dereito Graduado en Dereito Graduado en Dereito	7,714 8,300 8,103 6,475
		Título de Licenciado	Licenciado en Dereito	6,557
		Graduados Superiores	Graduado en Dereito	7,297
		Título de Licenciado	Licenciado en Dereito	6,249
	2015/2016	Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudios estranxeiros	Acreditación ou credencial de homologación (MECD) dun título universitario estranxeiro a un título universitario español Estudos realizados no estranxeiro	0,000 8,540
		Graduados Superiores	Graduado en Dereito Graduado en Dereito Graduado en Dereito Graduado en Dereito Graduado en Dereito	6,803 6,240 7,200 6,440 6,700
		Título de Licenciado	Licenciado en Dereito	6,220

Anexo II: Profesorado por categoría

Titulación	Categoría Laboral	S/N Doutor	N	N	N	S	S	S	Total
		Sexo	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total	
		Curso Académico	Nº Profesorado						
Graduado en Dereito	Non Aplicable	2017/2018	2	5	7				7
		2016/2017	2		2				2
		2015/2016	3	3	6				6
	Profesor/a titular de escola univer.	2017/2018	1		1				1
		2016/2017	1		1				1
		2015/2016	1		1				1
	Catedrático/a de universidade	2017/2018				1	1	1	1
		2016/2017				1	1	1	1
		2015/2016			1	1	2	2	2
	Profesor/a asociado/a T3	2017/2018	14	3	17				17
		2016/2017	17	2	19				19
		2015/2016	14	3	17				17
	Profesor/a titular de universidade	2017/2018				7	7	14	14
		2016/2017				7	7	14	14
		2015/2016				7	2	9	9
	Profesor/a contratado/a doutor/a	2017/2018			4	5	9	9	9
		2016/2017			4	5	9	9	9
		2015/2016			4	7	11	11	11
	Catedrático/a de escola univer.	2017/2018				1	1	1	1
		2016/2017				1	1	1	1
		2015/2016				1	1	1	1
	Profesor/a axudante doutor/a	2016/2017			1			1	1
		2015/2016			1			1	1
	Profesor/a contratado/a interino/ a	2017/2018		2	2				2
		2016/2017		1	1				1
		2015/2016		1	1				1
	Contratado/a predoutoral Uvigo	2015/2016		1	1		1	1	2
		2017/2018		1	1				1
		2016/2017		1	1				1
		2015/2016		1	1				1
	Contratado/a predoutoral Xunta	2017/2018		1	1				1
		2016/2017		1	1				1
		2015/2016		1	1				1
	Contratado/a FPU	2017/2018		1	1				1
		2015/2016					1	1	1
Mestrado en Avogacía	Non Aplicable	2017/2018	16	9	25				25
		2016/2017	16	9	25				25
		2015/2016	16	9	25				25
	Catedrático/a de universidade	2017/2018				1	1	1	1
		2016/2017				1	1	1	1
		2015/2016				1	1	1	1
